



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 16 de xaneiro de 2020**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cinco minutos do día dezaseis de xaneiro de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(12).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 10 de xaneiro de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(13).-BASES E CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS CONTRA DESAFIUZAMENTOS E PARA SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN - 2020. EXPTE. 194825/301.

Visto informe xurídico do 20/12/19 e informe de fiscalización do 10/01/20, dáse conta do informe-proposta do 17/12/19, asinado polo xefe de área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. FUNDAMENTO NORMATIVO E COMPETENCIAS MUNICIPAIS.

A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

A L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das fendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

En definitiva, as atribucións competenciais do Concello de Vigo para intervir neste ámbito derivan tanto da lexislación de réxime local como da normativa sectorial específica autonómica en materia de servizos



Concello de Vigo

sociais; nomeadamente, na L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na L.10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión social e na L.3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia.

II. A POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL EN MATERIA DE AXUDAS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE.

Os servizos sociais do Concello de Vigo, tanto os comunitarios básicos como os específicos, traballan desde hai moitos anos co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da cidadanía, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción, prestando unha atención integral ás persoas baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu contorno familiar e comunitario.

Con esta finalidade promove anualmente, a través da Concellería delegada da Área de Política de Benestar Social, unha convocatoria de axudas de emerxencia como parte da resposta ás carencias detectadas na cobertura das necesidades sociais básicas de aloxamento, alimentos, gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde, etc.

Nun contexto xeral de grave crise económica como a que se está a padecer desde hai anos, o Concello de Vigo considera necesario complementar esas axudas de emerxencia poñendo a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2020 figura unha partida destinada especificamente a cubrir este tipo de necesidades sociais básicas. A regulamentación do procedemento de concesión das axudas e dos criterios de selección e valoración das solicitudes constitúen o obxecto fundamental das Bases, que se insiren no marco xurídico prefigurado pola normativa reguladora das subvencións públicas e se formulan de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas subvencións, nas Bases de execución orzamentaria.

III. O «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS CONTRA DESAFIUZAMENTOS E PARA SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2020».

A L.9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, establece que poderán obter a condición de beneficiarias as persoas ou entidades que se atopen na situación que fundamenta a concesión da subvención ou nas que concorran as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria, debendo xustificar perante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións determinantes da concesión (Arts. 10.1 e 11 LSG e, en termos semellantes: Arts. 11.1 e 14.1 LXS).

As subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no/a perceptor/a non requirirán outra xustificación que a acreditación, por calquera medio

admisible en dereito, da situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que puidesen establecerse para verificar a súa existencia (Arts. 28.9 LSG e 30.7 LXS).

A teor do exposto, perante a intervención xeral municipal o que habería que xustificar é a concorrencia da situación socio-económica dos/as solicitantes establecida nas Bases como presuposto do outorgamento das axudas. En calquera caso, a maiores, a Concellería de Política de Benestar Social considera necesario verificar o seu destino e aplicación ós fins previstos e, con este obxectivo, establécese nas Bases un determinado sistema de aboamento e de xustificación destas axudas, o que deberá permitir comprobar a súa efectividade e a correcta utilización dos recursos públicos.

Unha vez cumpridos os requisitos fixados para obter a condición de beneficiario/a, as contías a percibir por cada persoa ou unidade de convivencia serán calculadas tendo en conta número de membros, ingresos, gastos de aloxamento e persoas cunha discapacidade igual ou superior ó 65%.

Inclúense tamén criterios de prioridade no destino destas axudas, encamiñadas principalmente a solventar un dos problemas máis graves hoxendía das persoas e familias, como é o mantemento da vivenda habitual, evitando no posible as dramáticas consecuencias derivadas dos procesos de desafiuzamento hipotecario ou por falta de pagamento da renda.

O procedemento de concesión das axudas previsto nas Bases pode esquematizarse do seguinte xeito:

–Os/as solicitantes deben cumprir os requisitos socio-económicos establecidos para adquirir a condición de beneficiarios/as.

–A ditos/as solicitantes asignaráselles unha puntuación en función da situación persoal ou da unidade de convivencia, segundo os criterios obxectivos das Bases.

–O crédito previsto para financiar o Programa (1.530.000€) dividirase entre o total dos puntos obtidos polos beneficiarios, dando así como resultado o valor económico de cada punto, que se multiplicará pola puntuación obtida por cada beneficiario para o cálculo da axuda a percibir. Reservarase o resto da dotación da aplicación (20.000€) para atender ás posibles reclamacións, tanto ás que se estimen da convocatoria de 2019 como ás que se presenten e admitan nesta convocatoria de 2020.

IV. NECESIDADES DE PERSOAL PARA A IMPLEMENTACIÓN DO «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS CONTRA DESAFIUZAMENTOS E PARA SUBMISTROS E ALIMENTACIÓN – 2020».

O elevado número tanto de solicitudes que previsiblemente haberá que valorar (arredor de 3.000 nos últimos exercicios, coa súa documentación anexa) como dos pagamentos resultantes da resolución da convocatoria, fai totalmente imposible a súa tramitación co persoal actual do Servizo de Benestar Social.

Así as cousas, para a axeitada xestión deste Programa de axudas sociais en 2020 sería necesaria a dotación do persoal que a seguir se indica:



Concello de Vigo

–Catro (4) auxiliares administrativos/as, por acumulación de tarefas por un periodo de 6 meses, no que se inclúen as fases de recollida de solicitudes e documentación, valoración e resolución das mesmas (Arts. 10.1.d] TREBEP e 23.2.d] L.2/2015).

–Catro (4) auxiliares administrativos/as para todo o Programa, no que se inclúen as fases anteriores máis o aboamento das axudas en cada prazo, tramitación de recursos, etc. (Arts. 10.1.c] TREBEP e 23.2.c] L.2/2015).

O «PROGRAMA...» ten unha duración estimada de once (11) meses, desde a publicación da convocatoria no BOPPO e ata o 31.12.2020.

A figura do funcionario interino para a execución de plans ou programas de carácter temporal está expresamente prevista no Art. 10.1.c) do RDLex. 5/2015, do 30 de outubro (TREBEP) e no Art. 23.2.c) da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego público de Galicia, cos límites temporais e nos termos e condicións establecidos na normativa básica de aplicación, non podendo en ningún caso os ditos programas respostar a necesidades permanentes da Administración nin exceder dun prazo máximo de 3 anos, ampliábeis ata 12 meses adicionais polas leis de función pública que se dicten en desenvolvemento do EBEP.

V. PROPOSTA DE ACORDO.

Visto o que antecede e a normativa aplicable, procedería propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as Bases e a convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS CONTRA DESAFIUZAMENTOS E PARA SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2020» elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo. O Programa será xestionado por este mesmo Departamento e terá unha duración estimada de once (11) meses, desde a publicación da convocatoria no BOPPO e ata o 31.12.2020.

SEGUNDO: Autorizar o gasto de 1.550.000 € para financiar este Programa, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02 (“Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”), da seguinte forma:

–1.530.000 € destinaráanse, nunha primeira resolución, a resolver todas as solicitudes seleccionadas.

–20.000 € destinaranse a atender os eventuais recursos dos/as solicitantes (convocatorias de 2019 e 2020). Para o caso de que non se esgotase a totalidade do crédito previsto, os saldos sobrantes pasarían a integrar a aplicación correspondente ó «Programa contra desafiuzamentos e de emerxencia social para o ano 2020», tamén xestionado polo Departamento de Benestar social.

TERCEIRO: Aprobar a proposta do persoal necesario para a súa implementación, que se concreta en:

–Catro (4) auxiliares administrativos/as, por acumulación de tarefas por un período de 6 meses, no que se inclúen as fases de recollida de solicitudes e documentación, valoración e resolución das mesmas (Arts. 10.1.d] TREBEP e 23.2.d] L.2/2015).

–Catro (4) auxiliares administrativos/as para todo o Programa, no que se inclúen as fases anteriores máis o aboamento das axudas en cada prazo, tramitación de recursos, etc. (Arts. 10.1.c] TREBEP e 23.2.c] L.2/2015).

CUARTO: Aprobar, para os efectos do disposto nos Arts. 17.3.b), 18, 20.8 e 23.2 da LXS, a convocatoria destas axudas e o seu extracto, que deberá ser publicado no BOP de Pontevedra por conduto da BDNS, con indicación do Boletín oficial no que se publiquen as Bases. Remítanse tamén á BDNS os datos esenciais que permitan identificar as axudas convocadas (“datos estruturados”»).

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS CONTRA DESAFIUZAMENTOS E PARA SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN (ANO 2020)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Tanto a Declaración Universal de Dereitos humanos como o Pacto Internacional de Dereitos económicos, sociais e culturais consagraron o dereito de toda persoa a un nivel de vida adecuado que lle asegure a él, así como á súa familia, a saúde e o benestar e, en especial, a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios, debendo os Estados tomar as medidas apropiadas para garantir a efectividade dese dereito (Arts. 25 DUDH e 11.1 PIDESC).

Especificamente, en relación coa protección da familia, establecen o deber de concederlle a máis ampla protección e asistencia posibles por parte da sociedade e do Estado (Arts. 16.3 DUDH e 10 PIDESC).

A Constitución española de 1978 sinala que as normas relativas ós dereitos fundamentais e ás liberdades que a Constitución recoñece interpretaranse conforme á Declaración Universal dos Dereitos humanos e ós tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España e, asumindo aqueles contidos, obriga ós poderes públicos a crear as condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social (Arts. 9, 10.2 e ccdtes. CE/1978).



Concello de Vigo

Ademais, no marco dos principios rectores da política social e económica, inclúe un mandato específico tendente a asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, regula o dereito de todos os españois a gozar dunha vivenda digna e axeitada e ordea ós poderes públicos promover as condicións necesarias e establecer as normas pertinentes para faceren efectivo este dereito (Arts. 39 e 47 CE/1978).

II

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo dispón o artigo 27.23 do seu Estatuto de Autonomía, ten competencia exclusiva en materia de servizos sociais e, facendo uso desa atribución, regulou e desenvolveu o sistema galego de servizos sociais, que ten como norma principal a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia.

Esta lei define os servizos sociais como servizo público destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación mediante intervencións que permitan, entre outros obxectivos, facilitar recursos e itinerarios de integración social a quen se encontra en situación ou risco de exclusión social.

Atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Por outra banda, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, pretende garantir a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc., atribuíndolle competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

Finalmente, a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión social de Galicia, atribúe tamén ós Concellos desta Comunidade Autónoma unha serie de funcións na implantación e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios básicos, cooperando coa Xunta de Galicia en materias tales como a detección das persoas en situación de exclusión social ou a implementación dos programas e prestacións previstos na lei; nomeadamente, a RISGA e as axudas de inclusión social.

III

De acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL), o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

En definitiva, as atribucións competenciais do Concello de Vigo para intervir neste ámbito derivan tanto da lexislación de réxime local como da normativa sectorial específica autonómica en materia de servizos sociais.

IV

Os servizos sociais do Concello de Vigo, tanto os comunitarios básicos como os específicos, traballan desde hai moitos anos co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da cidadanía, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción, prestando unha atención integral ás persoas baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu contorno familiar e comunitario.

Con esta finalidade promove anualmente, a través da Concellería delegada da Área de Política Social, unha convocatoria de axudas de emerxencia como parte da resposta ás carencias detectadas na cobertura das necesidades sociais básicas de aloxamento, alimentos, gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde, etc.

Nun contexto xeral de grave crise económica como a que se está a padecer desde hai anos, o Concello de Vigo considerou necesario complementar esas axudas de emerxencia poñendo a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitisen facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2020 figura unha partida por importe de 1.550.000€ destinada, especificamente, a cubrir este tipo de necesidades sociais básicas.



Concello de Vigo

A regulamentación do procedemento de concesión das axudas para o exercicio de 2020 e dos criterios de selección e valoración das solicitudes constitúen o obxecto fundamental destas Bases, que se insiren no marco xurídico prefigurado pola normativa reguladora das subvencións públicas e se formulan de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas subvencións, nas Bases de execución orzamentaria.

BASES

Primeira.- Obxecto.

Estas Bases teñen por obxecto fixar os criterios e determinar o procedemento para a concesión de axudas económicas de carácter extraordinario e finalista destinadas ó pagamento dos gastos de aloxamento, subministros e alimentación das persoas e unidades de convivencia que se atopen nunha situación de precariedade económica que lles impida asumir ordinariamente estes gastos.

Segunda.- Destinatarios.

O «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS CONTRA DESAFIUZAMENTOS E PARA SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2020» diríxese a aquelas persoas individuais e unidades de convivencia que se atopen en situación de necesidade social, que teñan residencia efectiva e estean empadroadas no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de tres (3) anos. Aínda que só un/unha dos/as integrantes da unidade figure como beneficiario/a da axuda, esta concederáse sempre en beneficio de toda ela.

Terceira.- Definicións.

- «Unidade de convivencia»: para os efectos destas Bases, entenderase por tal o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e se atopen vinculadas coa persoa solicitante por matrimonio ou relación análoga de afectividade, por adopción, acollemento ou parentesco de consanguinidade ata o cuarto (4º) grao ou de afinidade ata o segundo (2º) grao. Con todo, cando nunha mesma unidade de convivencia existan unha ou máis unidades familiares con menores ó seu cargo, considerarase que cada unha delas constitúe unha unidade de convivencia independente.

- «Situación de necesidade social»: entenderase que unha persoa ou unidade de convivencia está nesta situación cando a suma dos seus ingresos, descontados os custos de aloxamento, non acade o nivel de renda establecido na Táboa 1.1 destas Bases.

- «Renda da unidade de convivencia»: obterase sumando os ingresos netos mensuais (os que poidan xustificarse no momento da solicitude) de cada un dos seus membros e deducindo os gastos xustificadas en concepto de aloxamento da vivenda que constituía o seu domicilio habitual, cos máximos que se fixan nestas Bases.

- «Renda estimada da unidade de convivencia»: imputaranse como rendas da unidade de convivencia os importes das axudas, dereitos ou prestacións ós que, unha vez informadas polos servizos sociais, as persoas interesadas poderían ter dereito e non solicitasen, renunciasen ou perdesen por causas imputables a elas. Entenderase que ese dereito asístelles sempre que os ingresos declarados pola unidade de convivencia, con independencia da súa

orixe (traballo asalariado/a, autónomo/a...), sexan inferiores á contía mínima da correspondente prestación (RISGA, PNC, etc.).

Cuarta.- Réxime de concesión.

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia, de acordo cos principios de publicidade e obxectividade e conforme cos criterios e o procedemento establecidos nestas Bases, ata esgotar o crédito dispoñible.

Quinta.- Crédito orzamentario.

A concesión das prestacións axustarase no seu conxunto á aplicación orzamentaria da Concellería de Política de Benestar Social nº 2310.480.00.02 ("Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética") dotada con 1.550.000,00 €, da seguinte forma:

–1.530.000€ destinaráanse, nunha primeira resolución, a resolver todas as solicitudes seleccionadas.

–20.000€ destinaranse a atender os eventuais recursos dos/as solicitantes (convocatorias de 2019 e 2020). Para o caso de que non se esgotase a totalidade do crédito previsto, os saldos sobrantes pasarían a integrar a partida correspondente ó «Programa contra desafiuzamentos e de emerxencia social para o ano 2020», tamén xestionado polo Departamento de Benestar social.

Sexta.- Gastos subvencionables e compatibilidade con outras axudas.

6.1. Serán subvencionables os seguintes gastos:

a) Gastos de aloxamento da vivenda habitual, situada no termo municipal de Vigo.

a.1) Inclúe:

- Gastos de aluguer, cando existan garantías de continuidade na vivenda.
- Amortización de créditos hipotecarios da vivenda habitual.
- Aloxamentos provisionais (pensións, hostais, etc.).

a.2) Non inclúe:

- Gastos de comunidade.

b) Alimentación (agás bebidas alcohólicas).

c) Subministrados: enerxía eléctrica e gas de vivendas situadas no termo municipal de Vigo.

6.2. Estas axudas extraordinarias serán compatibles con outras que se poidan outorgar para o mesmo fin e que veñan a complementar o importe concedido. En ningún caso a suma de todas elas poderá superar o importe estimado do custo das necesidades por cubrir.



Concello de Vigo

Sétima.- Requisitos.

7.1. Os requisitos que deberán cumprir as persoas beneficiarias serán os seguintes:

1º.- Que o/a solicitante resida e estea empadroado no Concello de Vigo cunha antigüidade acumulada mínima de (3) anos desde a publicación da convocatoria destas axudas extraordinarias e manteña o empadramento ata a resolución da convocatoria. No caso das persoas estranxeiras, deberán contar co correspondente certificado de inscrición no Rexistro Central de Extranxeiros ou, de ser o caso, coa tarxeta ou permiso de residencia, segundo corresponda.

2º.- Que todos os membros da unidade estean compartindo vivenda co/a solicitante o día un (1) do mes anterior ó da publicación da convocatoria, de acordo co Padrón Municipal de Habitantes.

3º.- Que ningún membro da unidade de convivencia renunciase a calquera axuda ou dereito de prestación regulado a que puidese ter acceso ou tivese perdido o dereito ós mesmos por causas imputables ó/a beneficiario/a. Nestes casos, teranse en conta como ingresos os importes das axudas ou dereitos perdidos por renuncia ou perda do dereito imputable ós interesados.

4º.- Que ningún membro da unidade dispoña en propiedade de ningún ben inmovible que non sexa o domicilio habitual nin depósitos bancarios por importe superior, en cómputo anual, ás contías mínimas resultantes da aplicación destas Bases, segundo a composición das respectivas unidades familiares.

5º.- Que as rendas da persoa ou unidade de convivencia, unha vez descontado o custo mensual representado polos gastos de aloxamento (debidamente acreditados e cos máximos establecidos), non superen os límites da seguinte táboa:

TÁBOA 1.1
INGRESOS MÁXIMOS UNIDADE DE CONVIVENCIA
(descontados os gastos de aloxamento)

	Nº DE MEMBROS					
	1	2	3	4	5	6 ou máis
INGRESOS	300,00	350,00	400,00	450,00	500,00	550,00

7.2. Os gastos mensuais de aloxamento que poderán deducirse dos ingresos serán os recollidos na seguinte táboa:

TÁBOA 1.2
GASTOS DE ALOXAMENTO
(importes máximos admitidos)

	Nº DE MEMBROS					
	1	2	3	4	5	6 ou máis
Max. Alquiler	300,00	400,00	450,00	500,00	550,00	600,00

Nos casos en que residan na mesma vivenda máis de dúas (2) unidades de convivencia, o gasto de aloxamento deducible será o resultado de dividir o seu custo entre o número de persoas maiores de idade que convivan nela, multiplicado polo número de membros de cada unidade.

7.3. A ocultación de calquera fonte de renda dará lugar á denegación ou revogación da axuda solicitada ou concedida e á prohibición de obter outras axudas da mesma natureza durante os prazos fixados, en función da gravidade da infracción, na normativa reguladora das subvencións públicas.

7.4. Tendo en conta a natureza destas axudas sociais extraordinarias e a situación de necesidade das persoas destinatarias, ó abeiro do disposto no Art. 13.2 la LXS (L.38/2003), exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a das mesmas.

Oitava.- Obrigas.

Serán obrigas das persoas beneficiarias destas axudas:

a) Colaborar activamente no proceso de xestión e aboamento das axudas e destinalas ós fins para os que foron concedidas, procedendo o seu reintegro en caso contrario.

b) Facilitar toda a información que fose requirida pola Concellería de Política de Benestar Social, Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

c) Permitir e facilitar as posibles actuacións de inspección dos servizos sociais municipais.

d) As demais obrigas especificadas na normativa reguladora das subvencións públicas.

Novena.- Solicitud e documentación.

9.1. As solicitudes das axudas, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada) e o resto dos membros maiores de idade que formen a unidade de convivencia. De variar algún dos datos que constan na solicitude inicial (enderezo, correo electrónico, nº teléfono, etc.) a persoa solicitante estará obrigada a comunicalo inmediatamente ó Servizo de Benestar Social.

9.2. Só se aceptará unha solicitude por persoa ou unidade de convivencia. No caso de que se presenten mais dunha solicitude serán acumuladas, tramitándose a primeira presentada no Rexistro xeral municipal.

9.3. Xunto coa solicitude, achegarase a seguinte documentación:

- a) DNI, NIE ou pasaporte en vigor do/a solicitante e dos membros maiores de 18 anos. No caso de estranxeiros, ademais:



Concello de Vigo

-Cidadáns da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, Suíza e os seus familiares: certificado de inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros ou, no seu caso, tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión.

-Cidadáns doutros Estados: autorización de residencia.

- b) Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade, coas súas datas de nacemento.*
- c) Fotocopia da certificación do grao de discapacidade igual ou maior do 65%, no caso de que algún membro estea afectado por ela.*
- d) Declaración do IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade de convivencia. (*)*
- e) Certificados actualizados de vida laboral de todos os integrantes da unidade de convivencia. (*)*
- f) De ser o caso, nóminas do mes anterior ó da publicación da convocatoria de todos os membros da unidade de convivencia. No caso de traballadores autónomos, achegarase a última declaración trimestral de IVE.*
- g) De ser o caso, certificado de pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA ou de calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade de convivencia (terase en conta a data de efectos económicos). (*)*
- h) De ser o caso, acreditación documental das axudas ou subvencións percibidas para o aluguer da vivenda (p.ex. "bono de alugueiro social", axudas ó alugamento do Plan estatal de vivenda, etc.). (*)*

() A documentación reseñada nos apdos. d), e), g) e h) só deberá presentala a persoa solicitante se non autoriza ó Concello de Vigo para obter directamente doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver as solicitudes, incluída a AEAT.*
- i) De ser o caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e reclamación de pagamento das pensións debidas en virtude da mesma e non satisfeitas. Se a persoa solicitante está a aboar pensión/s de alimentos, para que sexa de aplicación o disposto na Base 14.5 deberá achegar tamén a xustificación documental do seu pagamento, preferentemente mediante transferencia bancaria.*
- j) De ser o caso, contrato de aluguer ou documentación xustificativa deste ou dos gastos realizados en concepto de amortización de hipoteca da vivenda habitual. Se non constase xa no propio contrato, achegarase certificación bancaria co IBAN da conta do arrendador. Calquera cambio na documentación relativa ó arrendamento deberá ser notificada de inmediato á oficina tramitadora destas axudas.*

Excepcionalmente, en ausencia de contrato escrito de aluguer, poderá probarse a existencia dunha relación arrendaticia verbal demostrando a ocupación legal e continuada da vivenda (p.ex. mediante certificado de empadramento e pagamento dos subministros: auga, luz, gas...) e o aboamento á arrendadora dunha renda en concepto de aluguer, o que poderá acreditarse por calquera destes medios:

- *Cos xustificantes das transferencias bancarias correspondentes ós dous meses anteriores á convocatoria; ou,*
 - *Con dous recibos das entregas realizadas en concepto de aluguer, nos que consten os seguintes datos: concepto, mensuralidade, importe e identificación da parte arrendadora (nome e apelidos, DNI e sinatura). Neste caso, xunto cos "recibín" achegarase tamén un certificado actualizado da conta bancaria do arrendador (IBAN), para poder efectuar nela o ingreso da axuda de aloxamento.*
 - *Mediante declaración responsable asinada polo/a arrendador/a na que se recoñeza o pagamento do aluguer da vivenda ou, de ser o caso, os importes pendentes (Anexo II). Achegarase tamén o certificado de conta bancaria para poder realizar o pagamento.*
- k) *Certificado actualizado de conta bancaria da persoa solicitante.*
- l) *Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida polo Departamento de Benestar social para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.*

Décima.- Presentación de solicitudes e prazo.

10.1. *As persoas interesadas poderán presentar as súas solicitudes de axudas a través do Rexistro xeral municipal (Praza do Rei, 1), en horario de 09:00h a 13:30h, de luns a venres, ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas (LPACAP).*

10.2. *O prazo de presentación será de vinte (20) días hábiles, contado desde o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións - BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org debendo inserirse no "Portal de Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>*

Décimo primeira.- Instrucción do procedemento e subsanación das solicitudes.

A instrucción do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ó Departamento de Benestar social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, se fose necesario, requirirá para que no prazo de dez (10) días hábiles se subsane a solicitude ou complete a documentación perceptiva (Art. 68 LPACAP),



Concello de Vigo

coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do Art. 21 LPACAP.

Décimo segunda.- Comisión técnica de valoración.

A Comisión técnica de valoración destas axudas estará presidida pola Concelleira de Política de Benestar Social e integrada polo Xefe de Área, a Xefa do Servizo e a técnica de actividades económicas do Departamento, que actuará como secretaria.

Décimo terceira.- Tramitación e resolución das solicitudes de axudas.

13.1. As persoas responsables da instrucción do procedemento avaliarán as solicitudes de conformidade cos criterios aplicables e realizarán a valoración da axuda a percibir de acordo con estas Bases. Tamén farán constar expresamente que da información que obra no seu poder resulta que os/as beneficiarios /as cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás axudas.

13.2. Rematada a instrucción do expediente, remitiráselle á Comisión técnica de valoración.

13.3. A proposta de resolución conterá unha relación con todos os/as solicitantes que participaron na convocatoria e a proposta que proceda:

- Concedidas: reseñarse a axuda de cada beneficiario/a, tendo en conta que o importe total das mesmas non pode superar o crédito consignado.*
- Denegadas: farase constar sempre a causa da denegación.*

13.4. A Xunta de Goberno Local, por proposta do/a instrutor/a do procedemento e previo informe da Comisión de valoración, acordará a aprobación definitiva das axudas con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02 do orzamento de Benestar social do Concello.

13.5. O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres (3) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

13.6. Unha vez resolto o procedemento, publicarase na paxina web municipal, no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas UTS a información relativa ás persoas beneficiarias (só identificadas co número de documento da solicitude e DNI), axudas concedidas ou denegadas e á súa contía. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Décimo cuarta.- Criterios de distribución das axudas.

14.1. A cantidade prevista (1.530.000€) repartirase entre os/as beneficiarios/as proporcionalmente á puntuación obtida (Táboa 2) en función dos membros da unidade de convivencia e dos ingresos acreditados.

14.2. Para a consideración dos ingresos das persoas e unidades de convivencia teranse en conta os ingresos do mes anterior ó da publicación da convocatoria, descontado o custo do aloxamento dese mes e cos máximos establecidos na Táboa 1.2.

14.3. A Comisión técnica de valoración, aplicando o baremo da Táboa 2, asignará puntuacións obxectivas a cada persoa ou unidade de convivencia solicitante. O crédito total dispoñible dividirase entre a suma de puntos obtidos por todas as persoas e unidades seleccionadas, asignando un valor económico a cada punto.

O valor económico do punto multiplicarase polos puntos obtidos por cada persoa ou unidade, sendo o resultado a contía económica total a percibir.

14.4. Para os efectos do cálculo dos ingresos da unidade de convivencia computaranse os ingresos de todos os membros que convivan no mesmo domicilio aínda que non cumpran coa antigüidade no PMH. Con todo, as persoas que non cumpran este requisito das Bases non serán tidas en conta para determinar a puntuación da súa unidade de convivencia.

14.5. Para os efectos de asignación da puntuación que proceda, as persoas solicitantes que acrediten o aboamento efectivo de pensións de alimentos ós/ás seus/súas fillos/as en virtude de convenio regulador-sentenza xudicial, poderán computar como un membro máis da súa unidade de convivencia a cada un/unha dos/as fillos/as que reciban esa pensión. A acreditación fidedigna desta circunstancia (preferentemente mediante transferencia bancaria na que consten todos os datos identificativos necesarios) deberá corresponder ó mes anterior ó da publicación da convocatoria.

14.6. Se na unidade de convivencia convivisen persoas cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ó 65% sumaranse, adicionalmente, catro (4) puntos máis por cada unha delas.

14.7. A mesma puntuación adicional aplicarase no caso de que sexa o/a solicitante, persoa individual, o/a afectado/a por ese grao de discapacidade.

14.8. Os membros nados ou adoptados nos tres (3) anos anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes computarán como un (1) membro mais da unidade de convivencia. O mesmo criterio aplicarase para situacións familiares semellantes (menores acollidos, supostos de reagrupamento familiar...).

14.9. Se o solicitante da axuda tivese concedida unha subvención con cargo a calquera outro programa de axudas ó alugueiro (p.ex. "bono alugueiro social"), a súa contía aplicarase ó importe real do aluguer, minorando este na cantidade subvencionada.



TÁBOA 2

INGRESOS	Nº DE MEMBROS					
	1	2	3	4	5	6 ou máis
-475 -451	21	27	30	34	38	41
-450 -401	21	27	30	34	38	40
-400 -351	21	27	30	34	36	38
-350 -301	21	27	30	32	34	36
-300 -251	21	26	28	30	32	34
-250 -201	21	24	26	28	30	32
-200 -151	20	22	24	26	28	30
-150 -101	18	20	22	24	26	28
-100 -51	16	18	20	22	24	26
-50 -0	14	16	18	20	22	24
1 a 50	12	14	16	18	20	22
51 a 100	10	12	14	16	18	20
101 a 150	8	10	12	14	16	18
151 a 200	6	8	10	12	14	16
201 a 250	4	6	8	10	12	14
251 a 300	2	4	6	8	10	12
301 a 350	–	2	4	6	8	10
351 a 400	–	–	2	4	6	8
401 a 450	–	–	–	2	4	6
451 a 500	–	–	–	–	2	4
501 a 550	–	–	–	–	–	2

Décimo quinta.- Aboamento das axudas.

15.1. Unha vez resolta a convocatoria mediante acordo da Xunta de Goberno Local, notificáraselles a todas as persoas interesadas a resolución, estimatoria ou desestimatoria, das súas solicitudes. A partir dese momento, as que resulten beneficiarias disporán do prazo máximo de dez (10) días hábiles para comparecer na oficina administrativa tramitadora destas axudas para recoller os medios de pagamento da subvención e asinar os correspondentes documentos de entrega. Tendo en conta o seu carácter de axudas sociais extraordinarias e as necesidades básicas e inmediatas que con elas téntanse satisfacer, o incumprimento inxustificable dese prazo, por causa imputable á persoa beneficiaria, dará lugar á perda do dereito ó cobro da subvención.

15.2. Se o/a beneficiario/a da axuda xustificou gastos de aloxamento, a cantidade a percibir distribuirase o 70% para alugueiro, 15% alimentación e 15% subministros.

15.3. Se o/a beneficiario/a da axuda non xustificou gastos de aloxamento, a cantidade a percibir distribuirase o 60% para alimentación e o 40% para subministros.

15.4. Por razóns operativas, non se aboarán mediante transferencia ou cheque bancario aquelas axudas de contía inferior a 15 €. De ser o caso, ingresaránse na tarxeta social.

15.5. Cando a axuda concedida se destine á compra de alimentos, o/a beneficiario/a deberá entregar os correspondentes tickets de compra no Departamento de Benestar social no prazo dun (1) mes.

15.6. Os gastos con cargo ás tarxetas sociais terán que realizarse antes do 15 de decembro de 2020.

Décimo sexta.- Revogación e réxime sancionador.

16.1. O incumprimento, total ou parcial, das condicións establecidas nestas Bases e, en especial, o falseamento das condicións requiridas para acceder ás axudas, a utilización destas para finalidades distintas das previstas, o incumprimento da obriga de xustificación ou a duplicidade que infrinxa o regulado nas Bases sobre compatibilidade, constituirán causas determinantes da revogación da axuda concedida, coa conseguinte obriga de reintegro das cantidades e xuros de mora correspondentes e da perda do dereito a solicitar estas axudas en posteriores convocatorias.

16.2. Canto ó réxime de infraccións e sancións aplicable e ó procedemento para a súa imposición, estarase ó previsto sobre o particular na normativa reguladora das subvencións públicas.

Décimo sétima.- Desenvolvemento.

Facúltase á Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social para ditar as ordes e instrucións de aplicación que sexan necesarias para o correcto desenvolvemento e execución destas Bases.

Décimo oitava.- Protección de datos e publicidade das axudas concedidas.

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos persoais das persoas solicitantes, dos seus representantes e do resto dos integrantes da unidade de convivencia serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.



Concello de Vigo

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso dos/as usuarios/as e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Tendo en conta a natureza e obxecto destas axudas de emerxencia social a persoas sen recursos e en aplicación do previsto sobre o particular nos artigos 18.3.d) da Lei 38/2003, 30 do RD.887/2006 e 15.2.d) da Lei 9/2007, non será precisa a publicación da súa concesión, toda vez que a mesma estímase contraria ó respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e á propia imaxe. Esta restricción aplícase tamén ó Portal da Transparencia do «Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións» (SNPS). Con todo, deberá facilitarse a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).


Décimo novena.- Recursos.

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as aprobou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións ou notificacións oficiais.

Vixésima.- Norma final.

En todo aquilo non previsto nestas Bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (Arts. 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (Arts. 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, a lexislación básica do Estado de réxime local, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

ANEXO I

 Concello de Vigo <small>C.I.F. P3605700H Praza do Rei 1 - 36202 Tel: 986 810 100</small>	IMPRESO DE SOLICITUDE PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS CONTRA DESAFIUZAMENTOS E PARA SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2020 CONCELLERÍA POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL	Selo rexistro
SEÑOR/A ALCALDE/SA-PRESIDENTE/A DO CONCELLO DE VIGO		

SOLICITANTE	* DNI ou CIF	* Nome e apelidos			* Teléfono 1		Teléfono 2			
	ENDEREZO FISCAL									
	* Nome da rúa, praza, etc				* Número	Portal	Escalera	* Piso	* Porta	* Cód. Postal
	Parroquia	* Municipio	* Data nacemento	* País nacemento	Correo electrónico					

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN									
Nome da rúa, praza, etc				Número	Portal	Escalera	Piso	Porta	Cód. Postal
Parroquia	Municipio	Provincia			Correo electrónico				

REPRESENTANTE	DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social			Teléfono 1		Teléfono 2			
	Nome da rúa, praza, etc				Número	Portal	Escalera	Piso	Porta	Cód. Postal
	Parroquia	Municipio	Provincia			Correo electrónico				

*Campos que se deben cubrir obrigatoriamente.

SOLICITA:

Unha axuda económica con cargo ao Programa municipal de axudas extraordinarias a familias contra desafiuzamentos e para subministros e alimentación (ano 2020).

A. SITUACIÓN DA VIVENDA

Propietario: _____ DNI: _____



Concello de Vigo

- Aluguer
 Hipoteca
 Propia pagada / cedida

¿É beneficiario/a vostede ou algún dos membros da súa unidade de convivencia dalgunha subvención para o aluguer de vivendas? (plan estatal de vivenda ou calquera outro plan ou programa análogo).

SI IMPORTE/MES

NON

¿É vostede ou algún dos membros da unidade de convivencia propietario/a doutros bens inmobles distintos da vivenda habitual?

SI
NON

B. COMPOSICIÓN DA UNIDADE DE CONVIVENCIA / INGRESOS

Apelidos e nome	Parentesco	CONCEPTO INGRESOS (traballo, pensións, desemprego, etc.)	CONTÍA MES (traballo, pensións, desemprego, etc.)	Sinatura
SOLICITANTE				

As persoas asinantes no apartado anterior SÍ NON autorizan ó Concello de Vigo (Departamento de Benestar Social) a obter das Administracións públicas e organismos públicos e privados os documentos e certificados necesarios para a tramitación desta solicitude (Base novena).

Nº de membros da unidade de convivencia que teñen recoñecido un grao de minusvalía igual ou superior ó 65%:

Percibe pensión alimentos por 1 fillo, 2 fillos, 3 fillos, +

Aboa pensión alimentos por fillo, 2 fillos, 3 fillos, + .

C. SITUACIÓN ECONÓMICA DA UNIDADE DE CONVIVENCIA

INGRESOS TOTAIS/MES DA UNIDADE DE CONVIVENCIA	GASTOS/MES ALUGUER OU HIPOTECA	ATRASOS ALUGUER/HIPOTECA

Pode consultar o estado da súa solicitude accedendo á Oficina Virtual do Concello na web www.vigo.org. Tamén pode recibir información adicional indicando o método desexado:

Mensaxe (SMS) ó móbil

Correo electrónico

O/A solicitante declara non estar incurso/a nas prohibicións legais para ser beneficiario/a de subvencións públicas e que os datos que figuran nesta solicitude son certos.

DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

- a) Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte en vigor do/a solicitante e dos membros maiores de 18 anos. No caso de estranxeiros, ademais:
 - Cidadáns da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, Suíza e os seus familiares: certificado de inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros ou, no seu caso, tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión.
 - Cidadáns doutros Estados: autorización de residencia.
- b) Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade, coas súas datas de nacemento.
- c) Fotocopia da certificación do grao de discapacidade igual ou maior do 65%, no caso de que algún membro estea afectado por ela.
- d) Declaración do IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade de convivencia **(*)**
- e) Certificados actualizados de vida laboral de todos os integrantes da unidade de convivencia **(*)**.
- f) De ser o caso, nóminas do mes anterior ó da publicación da convocatoria de todos os membros da unidade de convivencia. No caso de traballadores autónomos, achegarse a última declaración trimestral de IVE.
- g) De ser o caso, certificado de pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA ou de calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade de convivencia (terase en conta a *data de efectos económicos*). **(*)**
- h) De ser o caso, acreditación documental das axudas ou subvencións percibidas para o aluguer da vivenda (p.ex. "*bono de alugueiro social*", axudas ó alugamento do Plan estatal de vivenda, etc.). **(*)**

(*) A documentación reseñada nos apdos. d), e), g) e h) só deberá presentala a persoa solicitante se non autoriza ó Concello de Vigo para obter directamente doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver as solicitudes, incluída a AEAT.



Concello de Vigo

- i) De ser o caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e reclamación de pagamento das pensións debidas en virtude da mesma e non satisfeitas. Se a persoa solicitante está a aboar pensión/s de alimentos, para que sexa de aplicación o disposto na Base 14.5 deberá achegar tamén a xustificación documental do seu pagamento, preferentemente mediante transferencia bancaria.
- j) De ser o caso, contrato de aluguer ou documentación xustificativa deste ou dos gastos realizados en concepto de amortización de hipoteca da vivenda habitual. Se non constase xa no propio contrato, achegarase certificación bancaria co IBAN da conta do arrendador.

Excepcionalmente, en ausencia de contrato escrito de aluguer, poderá probarse a existencia dunha relación arrendaticia verbal demostrando a ocupación legal e continuada da vivenda (p.ex. mediante certificado de empadramento e pagamento dos subministros: auga, luz, gas...) e o aboamento á arrendadora dunha renda en concepto de aluguer, o que poderá acreditarse:

- Cos xustificantes das transferencias bancarias correspondentes ós dous meses anteriores á convocatoria; ou,
 - Con dous recibos das entregas realizadas en concepto de aluguer, nos que consten os seguintes datos: concepto, mensuralidade, importe e identificación da parte arrendadora (nome e apelidos, DNI e sinatura). Neste caso, xunto cos "recibín" achegarase tamén un certificado actualizado da conta bancaria do arrendador (IBAN), para poder efectuar nela o ingreso da axuda de aloxamento.
 - Mediante declaración responsable asinada polo arrendador na que se recoñeza o pagamento do aluguer da vivenda ou, de ser o caso, os importes pendentes (Anexo II). Achegarase tamén o certificado de conta bancaria para poder realizar o pagamento.
- k) Certificado actualizado de conta bancaria da persoa solicitante.
 - l) Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida polo Departamento de Benestar social para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA ARRENDADORA (CONTRATOS VERBAIS)

D./D^a, maior de idade, veciño/a de.....,con enderezo ene DNI/NIE/Pasaporte nº

DECLARO RESPONSABLEMENTE

1º.- Que son o/a arrendador/a do piso/vivenda/cuarto situado en, na cidade de Vigo.

2º.- Que actualmente teño alugada esa propiedade a D./D^a..... con DNI/NIE/Pasaporte nº desde

percibindo por este concepto unha renda mensual de €.

3º.- Que (marcar cun "X" o que proceda):

- O alugueiro está ó corrente no aboamento da renda.
- O alugueiro ten pendente de pagamento a cantidade de€, correspondente ó/s mes/es de

Para os exclusivos efectos de que o Concello de Vigo efectúe o pagamento da axuda que lle poida corresponder ó alugueiro para gastos de aloxamento ó abeiro do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS CONTRA DESAFIUZAMENTOS E PARA SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2020», **ACHEGO COA PRESENTE CERTIFICACIÓN ACTUALIZADA DA MIÑA CONTA BANCARIA** na que, mediante transferencia, poderá realizarse dito pagamento.

E para que así conste e surta os efectos oportunos no procedemento de concesión desas axudas municipais, asino a presente, en Vigo, o de de

Asdo.:

CONVOCATORIA DO «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS CONTRA DESAFIUZAMENTOS E PARA SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2020» DO CONCELLO DE VIGO (CONCELLERÍA DELEGADA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL)

Bases reguladoras.

As Bases reguladoras do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS CONTRA DESAFIUZAMENTOS E PARA SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2020», aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº do

Crédito orzamentario.

A concesión das prestacións axustarase no seu conxunto á aplicación orzamentaria da Concellería de Política de Benestar Social nº 2310.480.00.02 ("Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética") dotada con 1.550.000,00 €, da seguinte forma:



Concello de Vigo

–1.530.000 € destinaráanse, nunha primeira resolución, a resolver todas as solicitudes seleccionadas.

–20.000 € destinaranse a atender os eventuais recursos dos/as solicitantes. Para o caso de que non se esgotase a totalidade do crédito previsto, os saldos sobrantes pasarían a integrar a partida correspondente ó «Programa contra desafiuzamentos e de emerxencia social para o ano 2020», tamén xestionado polo Departamento de Benestar social.

Obxecto, finalidade e destinatarios.

As Bases aprobadas teñen por obxecto fixar os criterios e determinar o procedemento para a concesión de axudas económicas de carácter extraordinario e finalista destinadas ó pagamento dos gastos de aloxamento, subministros e alimentación das persoas e unidades de convivencia que se atopen nunha situación de precariedade económica que lles impida asumir ordinariamente estes gastos. O Programa diríxese a aquelas persoas individuais e unidades de convivencia que se atopen en situación de necesidade social, teñan residencia efectiva e estean empadroadas no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de tres (3) anos. Aínda que só un dos integrantes da unidade figure como beneficiario da axuda, esta concederase sempre en beneficio de toda ela.

Réxime de concesión.

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia, de acordo cos principios de publicidade e obxectividade e conforme cos criterios e o procedemento establecidos nas Bases, ata esgotar o crédito dispoñible.

Requisitos.

Os requisitos que deberán cumprir os beneficiarios serán os seguintes:

1º.- Que o solicitante resida e estea empadroado no Concello de Vigo cunha antigüidade acumulada mínima de (3) anos desde a publicación da convocatoria destas axudas extraordinarias e manteña o empadramento ata a resolución da convocatoria. No caso das persoas estranxeiras, deberán contar co correspondente certificado de inscrición no Rexistro Central de Extranxeiros ou, de ser o caso, coa tarxeta ou permiso de residencia, segundo corresponda.

2º.- Que todos os membros da unidade estean compartindo vivenda co solicitante o día un (1) do mes anterior ó da publicación da convocatoria, de acordo co Padrón Municipal de Habitantes.

3º.- Que ningún membro da unidade de convivencia renunciase a calquera axuda ou dereito de prestación regulado a que puidese ter acceso ou tivese perdido o dereito ós mesmos por causas imputables ó beneficiario. Nestes casos, teranse en conta como ingresos os importes das axudas ou dereitos perdidos por renuncia ou perda do dereito imputable ós interesados.

4º.- Que ningún membro da unidade dispoña en propiedade de ningún ben inmovible que non sexa o domicilio habitual nin depósitos bancarios por importe superior, en cómputo anual, ás

contías mínimas resultantes da aplicación destas Bases, segundo a composición das respectivas unidades familiares.

5º.- Que as rendas da persoa ou unidade de convivencia, unha vez descontado o custo mensual representado polos gastos de aloxamento (debidamente acreditados e cos máximos establecidos), non superen os límites da seguinte táboa:

TÁBOA 1.1
INGRESOS MÁXIMOS UNIDADE DE CONVIVENCIA
(descontados os gastos de aloxamento)

	Nº DE MEMBROS					
	1	2	3	4	5	6 ou máis
INGRESOS	300,00	350,00	400,00	450,00	500,00	550,00

Os gastos mensuais de aloxamento que poderán deducirse dos ingresos serán os recollidos na seguinte táboa:

TÁBOA 1.2
GASTOS DE ALOXAMENTO
(importes máximos admitidos)

	MEMBROS					
	1	2	3	4	5	6 o máis
Max. Aluguer	300,00	400,00	450,00	500,00	550,00	600,00

Nos casos en que residan na mesma vivenda máis de dúas (2) unidades de convivencia, o gasto de aloxamento deducible será o resultado de dividir o seu custo entre o número de persoas maiores de idade que convivan nela, multiplicado polo número de membros de cada unidade.

A ocultación de calquera fonte de renda dará lugar á denegación ou revogación da axuda solicitada ou concedida e á prohibición de obter outras axudas da mesma natureza durante os prazos fixados, en función da gravidade da infracción, na normativa reguladora das subvencións públicas.

Instrucción e resolución: órganos competentes.

A Concellería de Política de Benestar Social será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión técnica de Valoración e a Xunta de Goberno Local, por proposta do instrutor do procedemento e previo informe da Comisión, acordará a aprobación definitiva das axudas con cargo á aplicación orzamentaria indicada.

Presentación de solicitudes e prazo.



Concello de Vigo

As persoas interesadas poderán presentar as súas solicitudes de axudas a través do Rexistro xeral municipal (Praza do Rei, 1), en horario de 09:00h a 13:30h, de luns a venres, ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas (LPACAP).

O prazo de presentación será de vinte (20) días hábiles, contado desde o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións - BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org debendo inserirse no "Portal de Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>

Prazo de resolución e notificación.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres (3) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Solicitud e documentación.

As solicitudes das axudas, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada) e o resto dos membros maiores de idade que formen a unidade de convivencia.

Só se aceptará unha solicitude por persoa ou unidade de convivencia. No caso de que se presenten mais dunha solicitude serán acumuladas, tramitándose a primeira presentada no Rexistro xeral municipal.

Xunto coa solicitude, achegarase a seguinte documentación:

- a) *Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte en vigor do/a solicitante e dos membros maiores de 18 anos. No caso de estranxeiros, ademais:*
 - Cidadáns da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, Suíza e os seus familiares: certificado de inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros ou, no seu caso, tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión.
 - Cidadáns doutros Estados: autorización de residencia.
- b) *Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade, coas súas datas de nacemento.*
- c) *Fotocopia da certificación do grao de discapacidade igual ou maior do 65%, no caso de que algún membro estea afectado por ela.*

- d) *Declaración do IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade de convivencia. (*)*
- e) *Certificados actualizados de vida laboral de todos os integrantes da unidade de convivencia. (*)*
- f) *De ser o caso, nóminas do mes anterior ó da publicación da convocatoria de todos os membros da unidade de convivencia. No caso de traballadores autónomos, achegarse a última declaración trimestral de IVE.*
- g) *De ser o caso, certificado de pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA ou de calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade de convivencia (terase en conta a data de efectos económicos). (*)*
- h) *De ser o caso, acreditación documental das axudas ou subvencións percibidas para o aluguer da vivenda (p.ex. “bono de alugueiro social”, axudas ó alugamento do Plan estatal de vivenda, etc.). (*)*

() A documentación reseñada nos apdos. d), e), g) e h) só deberá presentala a persoa solicitante se non autoriza ó Concello de Vigo para obter directamente doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver as solicitudes, incluída a AEAT.*

- i) *De ser o caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e reclamación de pagamento das pensións debidas en virtude da mesma e non satisfeitas. Se a persoa solicitante está a aboar pensión/s de alimentos, para que sexa de aplicación o disposto na Base 14.5 deberá achegar tamén a xustificación documental do seu pagamento, preferentemente mediante transferencia bancaria.*
- j) *De ser o caso, contrato de aluguer ou documentación xustificativa deste ou dos gastos realizados en concepto de amortización de hipoteca da vivenda habitual. Se non constase xa no propio contrato, achegarse certificación bancaria co IBAN da conta do arrendador. Calquera cambio na documentación relativa ó arrendamento deberá ser notificada de inmediato á oficina tramitadora destas axudas.*

Excepcionalmente, en ausencia de contrato escrito de aluguer, poderá probarse a existencia dunha relación arrendaticia verbal demostrando a ocupación legal e continuada da vivenda (p.ex. mediante certificado de empadramento e pagamento dos subministros: auga, luz, gas...) e o aboamento á arrendadora dunha renda en concepto de aluguer, o que poderá acreditarse por calquera destes medios:

- Cos xustificantes das transferencias bancarias correspondentes ós dous meses anteriores á convocatoria; ou,

- Con dous recibos das entregas realizadas en concepto de aluguer, nos que consten os seguintes datos: concepto, mensuralidade, importe e identificación da parte arrendadora (nome e apelidos, DNI e sinatura). Neste caso, xunto cos “recibín” achegarse tamén un certificado actualizado da



Concello de Vigo

conta bancaria do arrendador (IBAN), para poder efectuar nela o ingreso da axuda de aloxamento.

- Mediante declaración responsable asinada polo arrendador na que se recoñeza o pagamento do aluguer da vivenda ou, de ser o caso, os importes pendentes (Anexo II). Achegarase tamén o certificado de conta bancaria para poder realizar o pagamento.

- k) Certificado actualizado de conta bancaria da persona solicitante.*
- l) Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida polo Departamento de Benestar social para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.*

Recursos.

Contra o acordo de aprobación das Bases e a convocatoria e contra as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaranse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

Criterios de valoración e distribución das axudas.

A cantidade prevista (1.530.000€) repartirase entre os beneficiarios proporcionalmente á puntuación obtida (Táboa 2) en función dos membros da unidade de convivencia e dos ingresos acreditados.

Para a consideración dos ingresos das persoas e unidades de convivencia teranse en conta os ingresos do mes anterior ó da publicación da convocatoria, descontado o custo do aloxamento e cos máximos establecidos na Táboa 1.2.

A Comisión técnica de valoración, aplicando o baremo da Táboa 2, asignará puntuacións obxectivas a cada persoa ou unidade de convivencia solicitante. O crédito total dispoñible dividirase entre a suma de puntos obtidos por todas as persoas e unidades seleccionadas, asignando un valor económico a cada punto. O valor económico do punto multiplicarase polos puntos obtidos por cada persoa ou unidade, sendo o resultado a contía económica total a percibir.

Para os efectos do cálculo dos ingresos da unidade de convivencia computaránse os ingresos de todos os membros que convivan no mesmo domicilio aínda que non cumpran coa antigüidade no PMH. Con todo, as persoas que non cumpran este requisito das Bases non serán tidas en conta para determinar a puntuación da súa unidade de convivencia.

Para os efectos de asignación da puntuación que proceda, as persoas solicitantes que acrediten o aboamento efectivo de pensións de alimentos ós seus fillos en virtude de convenio regulador-sentenza xudicial, poderán computar como un membro máis da súa unidade de convivencia a cada un dos fillos que reciban esa pensión. A acreditación fidedigna desta circunstancia (preferentemente mediante transferencia bancaria na que consten todos os da-

tos identificativos necesarios) deberá corresponder ó mes anterior ó da publicación da convocatoria.

Se na unidade de convivencia convivisen persoas cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ó 65% sumaranse, adicionalmente, catro (4) puntos máis por cada unha delas. A mesma puntuación adicional aplicarase no caso de que sexa o solicitante, persoa individual, o afectado por ese grao de discapacidade.

Os membros nados ou adoptados nos tres (3) anos anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes computarán como un (1) membro mais da unidade de convivencia. O mesmo criterio aplicarase para situacións familiares semellantes (menores acolhidos, supostos de reagrupamento familiar...).

Se o solicitante da axuda tivese concedida unha subvención con cargo a calquera outro programa de axudas ó alugueiro (p.ex. “bono alugueiro social”), a súa contía aplicarase ó importe real do aluguer, minorando este na cantidade subvencionada.

TÁBOA 2

INGRESOS	Nº DE MEMBROS					
	1	2	3	4	5	6 ou máis
-475 -451	21	27	30	34	38	41
-450 -401	21	27	30	34	38	40
-400 -351	21	27	30	34	36	38
-350 -301	21	27	30	32	34	36
-300 -251	21	26	28	30	32	34
-250 -201	21	24	26	28	30	32
-200 -151	20	22	24	26	28	30
-150 -101	18	20	22	24	26	28
-100 -51	16	18	20	22	24	26
-50 -0	14	16	18	20	22	24
1 a 50	12	14	16	18	20	22
51 a 100	10	12	14	16	18	20
101 a 150	8	10	12	14	16	18
151 a 200	6	8	10	12	14	16
201 a 250	4	6	8	10	12	14
251 a 300	2	4	6	8	10	12
301 a 350	—	2	4	6	8	10
351 a 400	—	—	2	4	6	8
401 a 450	—	—	—	2	4	6
451 a 500	—	—	—	—	2	4
501 a 550	—	—	—	—	—	2



Concello de Vigo

Publicidade.

Unha vez resolta a convocatoria mediante acordo da Xunta de Goberno Local, notificarase-lles a todas as persoas interesadas a resolución, estimatoria ou desestimatoria, das súas solicitudes. A partir dese momento, as que resulten beneficiarias disporán do prazo máximo de dez (10) días hábiles para comparecer na oficina administrativa tramitadora destas axudas para recoller os medios de pagamento da subvención (tarxetas sociais e cheques) e asinar os correspondentes documentos de entrega. O incumprimento inxustificable dese prazo, por causa imputable á persoa beneficiaria, dará lugar á perda do dereito ó cobro da subvención.

Publicarase na paxina web municipal, no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas UTS a información relativa ás persoas beneficiarias (só identificadas co número de documento da solicitude e DNI), axudas concedidas ou denegadas e á súa contía. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións.

3(14).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA CONSUMIBLE. EXPTE 6403/241.

Visto o informe xurídico do 08/01/20 e o informe de fiscalización do 13/01/20, dáse conta do informe-proposta de data 08/01/20, asinado pola da técnica de Admón. Xeral, a xefa de Réxime Interior, a concelleira-delegada de Contratación, a concelleira-delegada de Organización Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- En data 25 de novembro de 2019, a xefa do Servizo de Contratación e a xefa da Área de Réxime Interior, coa conformidade da concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal e a Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, asinan informe de necesidade para a contratación do subministro de papel de fotocopiadora de alta velocidade e impresoras en cumprimento do establecido nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017.

2º.- En base ao anterior informe, a concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal e a Tenente de Alcalde e a Concelleira delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal con data 27 de novembro de 2019, resolveron o inicio do expediente de contratación, en uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación (apartado 4 da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público -LCSP- e acordo da Xunta de Goberno local de data 20 de xuño de 2019).

3º.- No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinada pola xefa do Servizo de Contratación e a xefa da Área de Réxime Interior coa conformidade da

concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal e a Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data 25 de novembro de 2019.

- Resolución de inicio do expediente de contratación asinada pola concelleira delegada de Contratación e a Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data 27 de novembro de 2019.
- Prego de prescricións técnicas asinado pola técnica de administración xeral en ausencia da xefa do Servizo de Contratación e a xefa da Área de Réxime Interior de data 17 de decembro de 2019.
- Declaración das redactoras do prego de prescricións técnicas particulares de data 16 de decembro de 2019 sobre cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso dos licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia.
- Memoria asinada pola técnica de administración xeral en ausencia da xefa do Servizo de Contratación e a xefa da Área de Réxime Interior de data 17 de decembro de 2019.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral en ausencia da xefa do Servizo de Contratación de data 7 de xaneiro de 2020.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nos concelleiros de área por acordo da Xunta de Goberno local de data 20 de xuño de 2019.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.



Concello de Vigo

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP).

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- - Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, do subministro de papel de fotocopiadora de alta velocidade e impresoras.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral en ausencia da xefa do Servizo de Contratación de data 7 de xaneiro de 2020.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de administración xeral en ausencia da xefa do Servizo de Contratación e a xefa da Área de Réxime Interior de data 17 de decembro de 2019.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de **22.000 €** (vinte dous mil euros), que inclúe un IVE (21%) de 3.818,18€ € (tres mil oitocentos dezaioito con dezaioito céntimos), con cargo á aplicación orzamentaria 9206.2200002 "MATERIAL OFICINA" , segundo o seguinte detalle:

2020: 21.000€

2021: 1.000€

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(15).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA. EXPTE. 6414/241.

Visto o informe xurídico do 08/01/20 e o informe de fiscalización do 13/01/20, dáse conta do informe-proposta de data 08/01/20, asinado pola da técnica de Admón. Xeral, a xefa de Réxime Interior, a concelleira-delegada de Contratación, a concelleira-delegada de Organización Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- En data 16 de decembro de 2019, a xefa do Servizo de Contratación e a xefa da Área de Réxime Interior, coa conformidade da concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal e a Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal , asinan informe de necesidade para a contratación do subministro de material de oficina en cumprimento do establecido nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017.

2º.- En base ao anterior informe, a concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal e a Tenente de Alcalde e a Concelleira delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal con data 16 de decembro de 2019, resolveron o inicio do expediente de contratación, en uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación (apartado 4 da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público -LCSP- e acordo da Xunta de Goberno local de data 20 de xuño de 2019).

3º.- No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinada pola xefa do Servizo de Contratación e a xefa da Área de Réxime Interior coa conformidade da



Concello de Vigo

concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal e a Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data 16 de decembro de 2019.

- Resolución de inicio do expediente de contratación asinada pola concelleira delegada de Contratación e a Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data 16 de decembro de 2019.
- Prego de prescricións técnicas asinado pola técnica de administración xeral en ausencia da xefa do Servizo de Contratación e a xefa da Área de Réxime Interior de data 17 de decembro de 2019.
- Declaración das redactoras do prego de prescricións técnicas particulares de data 16 de decembro de 2019 sobre cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso dos licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia.
- Memoria asinada pola técnica de administración xeral en ausencia da xefa do Servizo de Contratación e a xefa da Área de Réxime Interior de data 20 de decembro de 2019.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral en ausencia da xefa do Servizo de Contratación de data 7 de xaneiro de 2020.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nos concelleiros de área por acordo da Xunta de Goberno local de data 20 de xuño de 2019.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adjudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adjudicación (artigo 117 da LCSP).

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- - Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, do subministro de material de oficina.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral en ausencia da xefa do Servizo de Contratación de data 7 de xaneiro de 2020.



Concello de Vigo

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de administración xeral en ausencia da xefa do Servizo de Contratación e a xefa da Área de Réxime Interior de data 17 de decembro de 2019.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de **27.000 €** (vinte dous mil euros), que inclúe un IVE (21%) de **4.685,95 €** (catro mil seiscientos oitenta e cinco con noventa e cinco céntimos), con cargo á aplicación orzamentaria 9206.2200002 "MATERIAL OFICINA" , segundo o seguinte detalle:

2020: 26.000€

2021: 1.000 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(16).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN A TRAVÉS DE PROCEDIMIENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE "EDUCACIÓN BÁSICA DE PERSOAS ADULTAS". EXPTE. 23910/332.

Visto o informe xurídico do 26/12/19 e o informe de fiscalización do 07/01/20, dáse conta do informe-proposta do 23/12/19, asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas, a xefa do Servizo de Educación, polo concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 6 de Novembro de 2019, o Concelleiro de Educación e Xuventude, resolveu "autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de "Educación Básica de Persoas Adultas".

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación do técnico de Educación de data 6/11/2019.
- Resolución do Concelleiro de Educación e Xuventude de 6/11/2019 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Declaración redactor prego técnico do técnico de Educación de data 7/11/2019.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 19/11/2019 redactado polo técnico de Educación.
- Memoria xustificativa de data 17/12/2019, redactada polo técnico de Educación.

- Informe de data 19/12/2019 da técnica de admon xeral do servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 19/12/2019 redactado pola técnica de admon xeral do Servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: O obxecto deste contrato é a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de educación básica de persoas adultas que o Concello de Vigo programa anualmente, orientado ao logro das denominadas competencias básicas, para adquirir as habilidades instrumentais básicas de lectoescritura, de cálculo matemático, así como de información sobre o contorno e equipamentos culturais da cidade, mediante unha metodoloxía e proceso instructivo flexible e aberto, axeitado ás necesidades e características concretas dese alumnado adulto.

Duración: A duración estimada do contrato será de dous cursos lectivos (comprenden 8 meses lectivos por curso académico dende outubro-maio); existindo a posibilidade de ser prorrogado por outros dous periodos de oito meses de duración máxima para cada curso lectivo e, en todo caso, ata o 31 de maio de 2024.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 37.550,00 euros.

Aplicación orzamentaria: 3260.227.99.16 “Programa de Educación Básica de persoas adultas”.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de “Educación Básica de Persoas Adultas”.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 19/11/2019 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 19/12/2019 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de “Educación Básica de Persoas Adultas”.



Concello de Vigo

3º.- Aprobar o gasto por importe de 75.100,00.-€ (14.081,25.-€ na anualidade de 2020, 37.550,25.-€ na anualidade de 2021 e 23.468,75.-€ na anualidade de 2022) para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de “Educación Básica de Persoas Adultas” por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3260.227.99.16 “Programa de Educación Básica de persoas adultas”. O valor estimado do contrato estipúlase en 150.200,00.-€

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(17).-NOMEAMENTO REPRESENTANTES MUNICIPAIS PARA O ANO 2020 NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA. EXPTE. 24087/332.

Dáse conta do informe-proposta do 23/12/19, asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas, a xefa do Servizo de educación, o concelleiro-delegado Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Os municipios exercerán como competencia propia nos términos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na seguinte materia de “conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial, segundo se recolle no art. 25.2, apartado n)”, da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, segundo redacción pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalidade e sostenibilidade da Administración Local.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOE), establece o Consello Escolar no seu Capítulo III “Órganos Colexiados de goberno y de coordinación docente de los centros públicos”, artigos 126 e 127; que se modifica nos artigos 79 e 80 da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

En cumprimento do establecido no Decreto 92/1988 do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario (DOG 29/04/88) e demais disposicións legais vixentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, o Consello Escolar de Centro defínese como o órgano de participación da comunidade escolar, ademais de constituír a canle para o control e a xestión dos fondos públicos. A participación é o mecanismo idóneo para atender axeitadamente os dereitos e liberdades das nais e pais, do profesorado e alumnado.

Os Concellos, como organismos que teñen responsabilidades legais no mantemento dos colexios públicos e que colaboran coa Administración responsable na común tarefa de educar, teñen un representante municipal nos Consellos Escolares dos centros de ensino público. Estes representantes municipais nos consellos escolares de centros, desempeñarán as atribucións que están establecidas no artigo 80 da LOMCE e nos Decretos desenvolvidos con posterioridade. Como funcións específicas dos representantes municipais cabe salientar as seguintes:

1. Achegar os recursos ubicados no Municipio á escola, para levar á práctica o principio de interacción escola-medio.

2. Levar a realidade da escola, as súas necesidades e propostas ao Concello, e si fora preciso trasladala a outras institucións ou áreas da Administración Pública.
3. Velar pola neutralidade dos centros públicos e porque se respecten e cumpran os dereitos dos diferentes sectores da Comunidade Educativa, especialmente os que recollen os artigos 14, 16, 20 e 27 da Constitución, da LOE que posteriormente foi modificada pola LOMCE e dos Decretos desenvolvidos con posterioridade..
4. Canalizar os procesos de admisión de alumnado de acordo coa planificación xeral que se realice pola Administración Educativa.
5. Canalizar a información e propostas sobre prestación de servizos complementarios como os comedores escolares, transporte ou becas.
6. Plantexar ao Consello Escolar, que con criterios pedagóxicos se programen actividades orientadas a facer dos centros lugares axeitados para unha acción educativa.
7. Por especial atención ao seguimento do Plan de Centro.
8. Velar para que se cumpra a LOE que posteriormente foi modificada pola LOMCE, e especialmente acadar que a escolarización obrigatoria e gratuíta se faga compensando as desigualdades.
9. Comprobar que o destino dos recursos económicos que reciben do Concello os colexios públicos de educación infantil e primaria, é o que está previsto no expediente de financiamento municipal de autoxestión correspondente, destinado as tarefas de mantemento preventivo e ordinario.

Con estas funcións específicas, e seguindo instrucións do Concelleiro Delegado de Educación e Xuventude, a proposta xeral do Servizo de Educación do Concello de Vigo é que o persoal nomeado para este cometido sexan funcionarios e funcionarias adscritos ao servizo de Educación, Benestar Social, Xuventude e Admon. de Tributos polo seu coñecemento na xestión das competencias educativas municipais e pola súa experiencia en promover e planificar dende estes Servizos municipais intervencións de apoio ao ensino.

Por outra banda, se facilitan así as xuntanzas de coordinación e intercambio de información referente ás actuacións municipais no eido do ensino, que obrigatoriamente deberán manter os/as representantes municipais co obxecto que o desenvolvemento deste programa sexa eficaz para acadar unha axeitada interacción Concello-Escola.

A efectos retributivos, a cantidade económica a percibir polos/as representantes municipais por asistencias aos Consellos Escolares de Centro serán, as homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal; por unha banda, na categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B quedando establecidas en 39,78.-€, e por outra banda, na categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D quedando establecidas en 36,72.-€, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

As asistencias aos Consellos escolares de Centro se totalizarán, a efectos de pago, dúas veces ó ano, o 31 de Xullo e o 31 de Decembro de 2020. Os custes totais destinados ao pago das dietas por asistencias aos Consellos Escolares de Centro para o ano 2020, serán aplicados con cargo á partida presupostaria 3230.233.00.00 "Dietas de asistencia a Consellos Escolares" do presuposto de 2020.

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:



Concello de Vigo

Primeiro.- Nomear representantes municipais nos consellos escolares de centro das escolas e colexios públicos de Vigo, ás persoas que de seguido se relacionan, con vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2020.

ZONA 1.

PEDRO M^a VÁZQUEZ IGLESIAS (NIF 11.904.805-M) Pertenece ao Grupo A2

1. CEIP Emilia Pardo Bazán.
2. CEIP Illas Cíes.
3. CEIP Escultor Acuña.
4. CEIP Seis do Nadal.
5. CEIP Pintor Laxeiro.
6. IES Alexandre Bóveda.
7. IES Alvaro Cunqueiro.
8. Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV)

ZONA 2.

MARÍA JOSÉ LOUREIRO BADA (NIF 36.080.259-K) Pertenece ao Grupo A1

1. CEP Santa Tegra.
2. Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico.
3. CEIP García Barbón.
4. CEIP Lope de Vega.
5. CEIP Sárdoma Moledo.

ZONA 3.

ROSA MARÍA TORRES BOUZAS (NIF 36.019.300-N) Pertenece ao Grupo C1

1. Escola Infantil Municipal Sta. Cristina.
2. Escola Infantil Municipal Atalaia.
3. Escola Infantil Municipal Sta. Marta.
4. Escola Infantil Municipal Costeira.
5. Escola Infantil Municipal Tomás Alonso.
6. Escola Infantil Municipal Bouzas.
7. Escola Infantil Municipal Mestres Goldar.
8. Escola Infantil Municipal Navia.

ZONA 4.

IGNACIO OJEA PÉREZ (NIF 36.046.809-J) Pertenece ao Grupo A1

- m) CEIP Candeán Fonteescura.
- n) CEIP Alcabre- Javier Sensat.
- o) CEIP Bouzas Virxe do Rocío.
- p) CEIP Navia A. R. Castelao.
- q) CEIP Comesaña-Párroco Don Camilo.
- r) IES Sta. Irene..
- s) Conservatorio Profesional de Música de Vigo.
- t) IES Audiovisual Vigo.

ZONA 5

PILAR CARNEIRO MINIÑO (NIF 76.986.963-Y) Pertenece ao grupo A1

1. CEIP Coruxo-Carrasqueira.
2. IES Coruxo Carrasqueira.
3. CEIP A Paz-Tintureira.
4. CEIP Ría de Vigo.
5. IES Valadares.

ZONA 6

ROCÍO BRUZON ALCAÑIZ (NIF 36.058.643-W) Pertenece ao grupo C1

1. CEIP Frián- Teis.
2. CEIP Paraixal.
3. EPA Berbés.
4. IES ROU (Rosais I).
5. IES Rosais 2.

ZONA 7

ANGELES LANDIN LORENZO (NIF 36.091.654-P) Pertenece ao grupo C1

1. CEIP Eduardo Pondal.
2. CEIP O Pombal.
3. E.E.I Rúa Aragón
4. E.E.I. Palencia.
5. E.E.I Hernán Cortés.

ZONA 8

MARIA JOSÉ FARALDO RIVAS (NIF: 36.056.377-J) Pertenece a grupo C2

1. E.E.I. Cristo da Victoria.
2. E.E.I. Monte da Guía.
3. CEIP Canicouva- Pereiró.
4. CEP Celso Emilio Ferreiro.
5. CEIP Ramón y Cajal.

ZONA 9

MARIA JESÚS SANROMAN VARELA (NIF: 36.018.668-R) Pertenece a grupo A2

1. CEIP San Salvador (Teis).
2. CEIP Josefa Alonso.
3. CEIP Otero Pedraio.
4. Ceip Valadares-Igrexa

ZONA 10

MARIA RITA RIELO FRANCO (NIF: 36.067.074-S) Pertenece a grupo C1

1. CEIP Mosteiro-Bembrive.
2. CEIP Chans-Bembrive.
3. CEIP Santa Mariña – Cabral.
4. CEIP Cabral Sello.
5. CEE Saladino Cortizo.

ZONA 11



Concello de Vigo

YOLANDA FAJIN TORRES (NIF: 33.297.554-V) Pertenece a grupo A2

1. CEIP A Doblada.
2. CEIP Carballal (Cabral).
3. IES Castelao.
4. IES Carlos Casares.
5. IES Ricardo Mella.

ZONA 12

ESTELA ROSENDE VILLAR (NIF 36.069.110-G) Pertenece a grupo A2

1. EEI Vilalaura.
2. CEIP Sobreira-Valadares.
3. CEIP Coutada-Beadé.
4. EEI Monte do Alba.
5. E.E.I. Valadares.

ZONA 13

MARIA GABRIELA ROMERO BANDEIRA (NIF 36.035.364-E) Pertenece a grupo C1

1. CEIP Candeán Igrexa.
2. CEIP Altamar.
3. CEIP Mestres Goldar.
4. IES O Castro.
5. IES Politécnico.

ZONA 14

IRIA MARÍA ÁLVAREZ CANELLA (NIF: 36.132.591-M) Pertenece a grupo C2

1. CEIP Baláidos.
2. CEIP Vicente Risco.
3. CEIP Valle Inclán.
4. IES Sto.Tomé de Freixeiro.

ZONA 15

JOSE ANTONIO FRANCO REZA (NIF: 36.097.780-Q) Pertenece a grupo C2

1. CEP Doutor Fléming.
2. IES Teis.
3. IES A Guía.
4. IES Beade.

Segundo:- Aprobar a aplicación para este concepto da dieta de 39,78.-€, establecida na actualidade para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos A e B e da dieta de 36,72.-€, establecida na actualidade para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos C e D, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

As asistencias aos Consellos escolares de Centro se totalizarán, a efectos de pago, dúas veces ó ano, o 31 de Xullo e o 31 de Decembro de 2020.

A previsión do gasto anual polo concepto "Dietas de asistencia dos Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros Públicos de Vigo" é de 12.000.-€, con cargo á partida 3230.233.00.00 do presuposto de 2020.

Terceiro.- Establecer a perda da condición de representante municipal para quen non xustifique, antes da súa realización, a súa ausencia á reunión do consello escolar de centro ou á de coordinación do Servizo de Educación que, a fin de estudar a situación xeral, se convocará, cando menos, de xeito trimestral.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(18).-DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO RÉXIME DE CONTRATO MENOR NO SERVIZO DE IGUALDADE, NO MES DE DECEMBRO DO ANO 2019. EXPTE. 9835/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 9/01/19 asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de decembro do ano 2019.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
9669-224	CMNE-SU	Adquirir material necesario para o desenvolvemento de accións de sensibilización e concienciación a prol da igualdade e contra a violencia de xénero	BIEITONOVA, SL	23112279906	4/12/2019	7.979,95 €
9711-224	CMNE-SU	Adquirir material necesario para o desenvolvemento dos cursos de formación a prol da igualdade e da prevención da violencia de xénero	SOMOSMAGENT A, SL	23112279906	4/12/2019	1.488,30 €



Concello de Vigo

9721-224	CMNE-SU	Adquirir agasallos e xoguetes para entregar en nadal ás mulleres, e aos fillos e as fillas, acollidas durante o ano 2019 nos dispositivos de protección e atención ás vítimas de violencia de xénero	EL CORTE INGLÉS, SA	23112260100	17/12/2019	1.225,00 €
9725-224	CMNE-SU	Adquisición de pulseiras co lema "EnlazaVigo contra a violencia de xénero" para sensibilizar á cidadanía contra a violencia de xénero	EAJ48 EVOLUCIÓN MULTIMEDIA, SL	23112260200	11/12/2019	4.477,00 €
9743-224	CMNE-SU	Adquisición de libros necesarios para ampliar o fondo bibliográfico do Centro de Documentación e Recursos Feministas	JOSÉ LUIS PIÑEIRO VÁZQUEZ	23112200100	12/12/2019	416,67 €
9742-224	CMNE-SU	Adquisición de libros necesarios para ampliar o fondo bibliográfico do Centro de Documentación e Recursos Feministas	LIBRARÍA LILA DE LILITH	23112200100	12/12/2019	2.973,57 €
9738-224	CMNE-SU	Adquisición material (memoria balance programa "EnlazaVigo" e plotter) necesario para un bo desenvolvemento das actividades a prol da igualdade	AGUADEMAYO	23112260600	13/12/2019	11.922,90 €
9748-224	CMNE-SU	Adquisición de material para o desenvolvemento de accións de sensibilización e concienciación a prol da igualdade e contra a violencia de xénero entre a cidadanía, especialmente entre a xente moza	AGUADEMAYO	23112279906	13/12/2019	1.764,08 €

9712-224	CM-NESR	Traballos de revisión, limpeza e axustes de anclaxes das sinais e placas identificativas do roteiro feminino "Sons de mulleres"	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL	23112279901	4/12/2019	350,90 €
9735-224	CM-NESR	Traballos de mantemento e pequenas reparacións durante o mes de decembro de 2019 nos servizos exteriores, adscritos á Concellería de Igualdade	MARS SCG	23112120000	11/12/2019	5.400,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

8(19).- APROBACIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DIRECTAS DE APOIO PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO DO ANO 2020. EXPTE. 9726/224.

Visto o informe xurídico do 13/12/19 e informe de fiscalización do 08/01/20 dáse conta do informe-proposta de data 11/12/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Concelleira delegada de Igualdade, mediante Resolución de data 9 de decembro de 2019 ordenou o inicio o expediente administrativo para a aprobación do «Programa de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero».

Este expediente recolle as bases e a convocatoria específica para a concesión de subvencións directas para mulleres en situación de violencia de xénero no ano 2020, por un importe máximo de 18.000,00 € con cargo á partida "Bolsas económicas" 2311 480.00.00 do orzamento aprobado para o exercicio 2020 da Concellería de Igualdade.

A violencia contra as mulleres, que aínda existe na nosa sociedade, constitúe a manifestación máis extrema da desigualdade. No período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2003 ata o 4 de decembro de 2019, 1.033 mulleres foron asasinadas polas súas parellas ou exparellas só en España, segundo datos do *Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad*. Non obstante, hai que ter en conta que este é un dos aspectos máis dramáticos e visibles das consecuencias da violencia de xénero, pero esta se manifesta de diversas formas e en diversos contextos, quedando moitas veces oculta. Ademais, esta violencia afecta tamén os e as menores que a sofren, con consecuencias fatais para o seu desenvolvemento. Desde o ano 2013, e ata o 24.10.2019 (última data oficial recollida na web do Ministerio) segundo datos oficiais, 34 menores foron vítimas mortais da violencia de xénero.



Concello de Vigo

Por isto, é necesario por parte dos poderes públicos e das administracións unha intervención firme e contundente para erradicala.

A Lei orgánica 1/2004, de 28 de novembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, no seu artigo 1 inclúe dentro do seu obxecto a prestación de asistencia as mulleres, a seus fillos e fillas menores e aos e ás menores suxeitos á súa tutela, ou garda e custodia, vítimas desta violencia. No seu artigo 19, ademais, establece o dereito á asistencia social integral para as vítimas, e a competencia para a súa organización por parte das Corporacións Locais.

A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. No seu artigo 21, imponlles ás Entidades Locais o deber de integrar o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborar, a tal efecto, co resto das Administracións públicas.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, atribúen ás entidades locais competencias en: actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.

Esta materia atópase vinculada ás competencias que en materia de igualdade e promoción das mulleres ten delegadas a Concellería de Igualdade mediante acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20 de xuño de 2019, 4 de xullo de 2019 e 5 de setembro de 2019 e que no relativo a este servizo e programa á súa finalidade, e: *concesión axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero, previa proposta técnica das profesionais dos servizos municipais de atención as mulleres.*

O IV Plan de Igualdade do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día 25 de novembro de 2009 e vixente na actualidade por acordo da Xunta de Goberno Local do día 25 de xaneiro de 2013, contempla entre os seus obxectivos específicos *garantir e mellorar a atención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero.* Entre as actuacións a poñer en marcha: *potenciación e incremento dos recursos específicos de atención e axuda ás mulleres vítimas de violencia.*

Consciente da necesidade de actuar contra a violencia de xénero, e no marco das súas competencias, o Concello de Vigo veu a desenvolver unha liña de actuación, xa consolidada nos últimos anos, na que é prioritaria a abordaxe do fenómeno da violencia dende diversos dispositivos e programas municipais. Así, a través da Concellería de Igualdade, lévanse a cabo programas de prevención e sensibilización, ademais da posta en marcha dunha serie de servizos e programas de atención e tratamento específico e integral da violencia de xénero. Cabe salientar o labor desenvolto desde o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, desde o cal se ofrece apoio e asesoramento legal, psicolóxico e social, que se complementa con dispositivos de acollemento como o Centro de Emerxencia ou a Rede de Vivendas Municipal dirixido a vítimas de violencia de xénero.

Para que o acollemento e a atención sexa integral, a intervención non só debe comprender aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos, senón que existen aspectos

económicos de carácter urxente que deben ser cubertos para que as mulleres en situación de estar a padecer violencia de xénero logren acadar unha vida autónoma.

A maior parte das usuarias da rede municipal de atención e acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero, son mulleres con cargas familiares en situación económica precaria. A falta de cualificación profesional, a dependencia económica e afectiva co agresor, a baixa autoestima, a responsabilidade de ter baixo o seu coidado a menores ou persoas dependentes, o medo, e as propias limitacións no mercado de traballo, fan que as posibilidades de resolución autónoma da súa vida sexan enormemente dificultosas. Así, a experiencia acumulada de máis de dúas décadas de traballo, indica a necesidade de que por parte da administración se lles recoñeza o dereito a unha axuda económica temporal que facilite unha vida autónoma, independente e favoreza a ruptura co agresor.

Para acadar este fin propónse a aprobación das Bases para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas non periódicas para mulleres vítimas de violencia de xénero no ano 2020, no marco definido na normativa reguladora das subvencións públicas e de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas subvencións, dentro das Bases de execución orzamentaria.

A finalidade desta medida é dotar ás mulleres dunha axuda económica temporal, non periódica, que lles permita afrontar os gastos máis urxentes e básicos no proceso de ruptura e que poderán consistir en: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

No casos extremos de que a muller faleza ou teña lesións físicas ou psíquicas que lle impossibiliten ser beneficiaria, as axudas se poderán destinar a facer fronte principalmente a gastos de alimentación, hixiene ou vivenda para as persoas que convivisen coa vítima e dependesen economicamente dela.

Correspóndelle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo, ou profesional da Concellería de Igualdade competente en cada caso, informar, asesorar, e orientar ás mulleres interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc, deste réxime de axudas, así como de realizar a valoración profesional, acreditación de situación de violencia de xénero e a proposta de concesión.

As axudas económicas que se concedan ao abeiro desta convocatoria terán necesariamente carácter temporal e non periódico, para atender situacións concretas derivadas da situación de violencia de xénero valorada e acreditada polo equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo.

No uso das competencias que lle atribúen as Resolucións de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 sobre delegacións de competencias a concelleiras/os de área e Acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20 de xuño de 2019, 4 de xullo de 2019 e 5 de setembro de 2019 sobre delegacións de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área, a concelleira de Igualdade terá a facultade de *“concesión de axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero, sempre que exista acordo previo da*



Concello de Vigo

Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto”.

A concesión das axudas axustarase no seu conxunto á seguinte partida e importe:

Partida	Importe
“Bolsas económicas” 2311- 480.00.00	18.000,00 €.

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificarase a partida na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo á legalidade vixente en materia orzamentaria.

O réxime xurídico no que se enmarca este programa de actuación é conforme co disposto na normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xullo, así como as Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo.

Por isto, este expediente establece o marco de actuación para o procedemento aplicable o longo do ano 2020, no marco xurídico definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Consta dos obxectivos a clasificación das axudas, requisitos e obrigas das destinatarias así como as peculiaridades da xestión destas subvencións directas. Contémplase, igualmente, as contías máximas das axudas directas e a posibilidade de compatibilizalas con outras subvencións.

En relación co cumprimento dos procedementos para a concesión directa establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente contempla os principios recollidos no artigo 26.2 da citada Lei.

Ao amparo do artigo 13.2.e) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, atendendo á natureza destas axudas, para obter a condición de beneficiaria exceptúase o requisito de acreditar estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

O Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a “Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas” establece un réxime específico previsto para aqueles casos nos que a BDNS poida conter información ou datos especialmente protexidos e co recoñecemento do dereito de ocultación que existe ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial.

Así, no seu artigo 7.5 b) establécese que non se publicarán as subvencións públicas concedidas a persoas físicas cando “a *persoa física se atopa nunha situación de protección que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra a muller*”.

Polo dito, non se rexistrará información das concesións deste programa de axudas na BDNS, nin no Portal de Transparencia do “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións” sen menoscabo do deber de rexistrar a convocatoria nos anteditos portais.

Polo exposto, e previo o preceptivo informe xurídico e de Intervención Xeral, **proponse á Xunta de Goberno Local:**

“1º Aprobar o *Programa de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2020* que se recollen no Anexo I do expediente 9726-224.

2º Autorizar o gasto por importe de 18.000,00 Euros (dezaoito mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria “*Bolsas económicas*” 2311 480.00.00 do orzamento aprobado para o exercicio 2020 da Concellería de Igualdade, para facer fronte aos gastos que orixinan as axudas económicas directas de apoio para as mulleres vítimas de violencia de xénero.

3º Aprobar o texto da convocatoria do programa de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero durante o exercicio 2020 e do extracto da mesma, (Anexos II e III) que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, en base o establecido na Resolución de 10 de decembro da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

4º Autorizar a realización dun libramento a xustificar por importe máximo de 18.000,00 euros, a nome das funcionarias Cristina Gómez García, con DNI número 36.098.882-Z, xefa do servizo de Igualdade e Amalia Mª Gándara Fernández, con DNI número 36.107.637Y, traballadora social adscrita ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, para facer efectivo os anteditos gastos, que se farán efectivos na conta restrinxida da Tesourería Municipal.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto

Estas bases teñen por obxecto fixar os criterios e regulamentar o procedemento aplicable para o outorgamento das axudas directas de carácter non periódico para mulleres vítimas de violencia de xénero para o ano 2020.

SEGUNDA.- Finalidade das axudas

A finalidade destas axudas é a de apoiar ás mulleres en situación acreditada de violencia de xénero para afrontar unhas necesidades derivadas principalmente da violencia de xénero no proceso de ruptura co agresor e sempre que, a xuízo dos servizos municipais de atención á muller, non poidan ser cubertas pola beneficiaria.



Concello de Vigo

O programa diríxese ás mulleres vítimas de violencia de xénero, usuarias dos dispositivos municipais de atencións as mulleres do Concello de Vigo.

No casos extremos en que a muller faleza ou teña lesións físicas ou psíquicas que lle impossibiliten ser beneficiaria, as axudas poderanse destinar a facer fronte principalmente a gastos de alimentación, hixiene ou vivenda para as persoas que conviven coa vítima e dependesen economicamente dela.

Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais, non periódicas, e poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

TERCEIRA.- Beneficiarias

a) Mulleres vítimas de violencia de xénero que estean a tratamento nos dispositivos específicos de atención ás mulleres do Concello de Vigo: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Centro de Emerxencia e/ou Rede Municipal de Vivendas de Protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

b) No caso de que a muller padeza lesións psíquicas ou físicas que impossibiliten a recepción da axuda, está poderase conceder a algún membro/a da súa familia.

c) No caso extremo de que a muller faleza, con carácter excepcional poderase conceder a axuda económica ás persoas que conviviran coa vítima e dependesen economicamente dos seus ingresos, coordinando o caso cos servizos sociais de atención primaria. Cando sexan fillos e fillas menores de idade, os que conviven coa nai, o beneficiario/a da axuda será a persoa adulta que se responsabilice do/s menores.

As circunstancias descritas nos apartados b) e c) deberán acreditarse no informe técnico da proposta da axuda.

CUARTA.- Requisitos

Os requisitos para acceder a estas axudas son os seguintes:

1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada.

2º.- Ter acreditada a situación de vítima de violencia de xénero por parte do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo.

3º.- Residir no termo municipal de Vigo.

4º.- Non dispoñer de ingresos económicos suficientes para afrontar os gastos derivados da súa solicitude, a valoración da traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

5º.- Ter debidamente xustificadas as axudas concedidas con anterioridade.

6º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa da situación de necesidade e da situación de violencia de xénero que solicite o equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller ou ben, autorizar ó Concello de Vigo (Servizo de

Igualdade) para obter das administracións públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.

Tendo en conta a natureza destas axudas, ó abeiro do disposto no Art. 13.2 da LXS (Lei 38/2003), exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiaria.

QUINTA.- Crédito orzamentario

A cantidade máxima destinada a este programa será 18.000,00 euros (dezaioito mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria “Bolsas económicas” 2311.480.00.00 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificarase a partida na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo á normativa vixente en materia orzamentaria.

SEXTA.- Contía das axudas e procedemento de concesión e valoración

O procedemento de concesión destas axudas iniciarase de oficio ou por instancia da persoa interesada presentada no Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Correspóndelle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo, ou profesional da Concellería de Igualdade competente en cada caso, informar, asesorar, e orientar ás mulleres interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc, deste réxime de axudas, así como de realizar a valoración profesional, acreditación de situación de violencia de xénero e a proposta de concesión.

No informe social emitido deberá quedar acreditada as limitacións económicas que ten a beneficiaria para facer fronte aos devanditos gastos así como a urxencia e a imposibilidade de que as necesidades reflectidas no informe sexan atendidas polos servizos sociais de atención primaria ou por outras administracións públicas.

Esta axuda é compatible con outras axudas de carácter público e/ou privado.

O importe máximo por beneficiaria e ano establécese en 600 €/ano, agás causas urxentes debidamente xustificadas. O pago da axuda concedida poderase realizar en pagos fraccionados atendendo á valoración realizada polos servizos municipais de atención ás mulleres.

A concelleira delegada de Igualdade será quen teña a facultade para resolver sobre a aprobación ou denegación destas axudas.

Unha vez concedida a axuda, a beneficiaria deberá asinar o recibín e disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción desta para presentar a xustificación perante a traballadora



Concello de Vigo

social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado. A traballadora social comprobará que queda xustificado o gasto e a finalidade da axuda concedida.

SÉTIMA.- Gastos subvencionables

As axudas concedidas con cargo a este programa teñen carácter temporal, non periódicas, para abordar aspectos concretos derivados da situación de violencia de xénero, situación acreditada e valorada polas profesionais do equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo.

Estas axudas poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

A concesión dunha destas axudas non da dereito por si mesmo á concesión doutra polo mesmo concepto. Tampouco poderán ser invocadas como precedente.

OITAVA.- Presentación de solicitude e prazo

As interesadas poderán presentar as súas solicitudes de axudas a través do Rexistro Xeral Municipal, ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Presentaranse no modelo oficial (Anexo I-A) debidamente cubertas e asinadas pola solicitante.

Atenderanse solicitudes desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e ata o día 23.12.2020.

NOVENA.- Solicitude de fondos

A Concellería de Igualdade solicitará o correspondente expediente de gastos a xustificar para a execución destas axudas, que se farán efectivas na conta restrinxida da Tesourería municipal con cargo á aplicación orzamentaria núm. 2311.480.00.00 do orzamento vixente.

DÉCIMA.- Obrigas das persoas beneficiarias

1. Aplicar a axuda á finalidade para a que foi concedida.
2. Permitir e facilitar o labor do persoal designado para comprobar a situación económica e familiar da posible beneficiaria.
3. Comunicar os cambios que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou acumulación da prestación.
4. Reintegrar o importe da prestación indebidamente percibida ou en contía indebida.
5. Cumprir as condicións e obrigas específicas determinadas polas profesionais do equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.
6. Presentar as facturas xustificativas da axuda recibida no prazo indicado para tal efecto.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Publicidade das axudas concedidas

O Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a “Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas” establece un réxime específico previsto para aqueles casos nos que a BDNS poida conter información ou datos especialmente protexidos e co recoñecemento do dereito de ocultación que existe ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial.

Así, no seu artigo 7.5 b) establécese que non se publicarán as subvencións públicas concedidas a persoas físicas cando “a persoa física se atopa nunha situación de protección que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra a muller”.

Polo dito, non se rexistrará información das concesións deste programa de axudas na BDNS, nin no Portal de Transparencia do “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións” sen menoscabo do deber de rexistrar a convocatoria nos anteditos portais.

DÉCIMO SEGUNDA.- Xustificación das axudas

a) Lugar: as beneficiarias xustificarán as axudas concedidas presentando perante a traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM) a documentación que se indica no seguinte apartado.

b) Documentación: as axudas concedidas quedarán xustificadas coa presentación do DNI, ou outro documento oficial de identidade, unha declaración asinada pola beneficiaria conforme recibiu a axuda económica e as facturas ou comprobantes do gasto efectuado. No caso de que a axuda fose concedida para cubrir gastos de necesidades básicas, como poden ser os cartos de peto ou manutención, os documentos acreditativos dos gastos realizados quedarán baixo a custodia da traballadora social do CMIDM, podendo ser consultados pola Intervención Xeral.

c) Prazo: a beneficiaria disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción da axuda para presentar a xustificación perante a traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado. A traballadora social comprobará que queda xustificado o gasto e a finalidade da axuda concedida.

DÉCIMO TERCEIRA.- Departamento responsable

Concellería de Igualdade: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller en coordinación co Servizo de Igualdade do Concello de Vigo

DÉCIMO CUARTA.- Avaliación e seguimento

O seguimento da utilización e destino das axudas corresponderalle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

No expediente deberá incluírse a proposta-fundamentada da axuda e a contía concedida de cada muller beneficiaria desta axuda.



Concello de Vigo

Co obxecto de realizar o seguimento e axustar a medida, elaborárase unha memoria anual que reflecta cando menos:

- número de beneficiarias
- finalidade da axuda
- importe das axudas concedidas
- seguimento do destino das axudas
- número de solicitudes denegadas
- motivo de denegación de solicitudes

ANEXO I-A



PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS DIRECTAS PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO ANO 2020

CONCELLERÍA DE IGUALDADE

registro Selo

SEÑOR/A ALCALDE/SA-PRESIDENTE/A DO CONCELLO DE VIGO

SOLICITANTE	* DNI ou CIF	* Nome e apelidos			* Teléfono 1		Teléfono 2		
	ENDEREZO FISCAL								
	* Nome da rúa, praza, etc			* Núm	Portal	Escalera	* Piso	* Porta	* Cód. Postal
	Parroquia	* Municipio	* Data nacemento	* País nacemento	Correo electrónico				

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN									
Nome da rúa, praza, etc				Número	Portal	Escalera	Piso	Porta	Cód. Postal
Parroquia	Municipio	Provincia			Correo electrónico				

REPRESENTANTE	DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social				Teléfono 1		Teléfono 2
	Nome da rúa, praza, etc				Número	Por-tal	Escale-ra	Piso
	Parroquia		Municipio	Provincia		Correo electrónico		
							Cód. Postal	

*Campos que se deben cubrir obrigatoriamente.

SOLICITA:

Unha axuda económica con cargo ao PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO (ano 2020) da Concellería de Igualdade, para:

(indicar concepto e importe solicitado).

Para o que achega a seguinte documentación:.....

.....

.....

.....

Pode consultar o estado da súa solicitude accedendo a Oficina Virtual do Concello na web www.vigo.org. Tamén pode recibir información adicional indicando o método desexado:

Mensaxe (SMS) ao móbil

Correo electrónico.

DECLARA:

1º Que coñece e acepta as bases do “Programa municipal de axudas directas para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2020” da Concellería de Igualdade.

2º Que non esta incurso nas prohibicións legais para ser beneficiaria de subvencións públicas e que os datos que figuran nesta solicitude son certos.

As persoas que de seguido se relacionan autorizan ao Concello de Vigo (Servizo de Igualdade) a obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación desta solicitude, de acordo coas Bases do programa.

Nome e apelidos	nº DNI/ NIE/ Pasaporte	Sinatura

(Firma da solicitante)



Concello de Vigo

Vigo, dede 2020

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámola dos seguintes extremos:

Os datos de carácter persoal que achegue serán obxecto de tratamento dos ficheiros responsabilidade do Concello de Vigo.

A finalidade do tratamento é xestionar o programa de axudas económicas dirixidas a vítimas de violencia de xénero municipal. Estes datos non serán cedidos a terceiros, salvo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, a solicitude dirixirase a dpd.vigo@vigo.org

Así mesmo, as persoas usuarias teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

ANEXO II

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS DIRECTAS PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2020

Bases reguladoras

As Bases reguladoras do «Programa de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2020, aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº-----

Crédito orzamentario

A cantidade máxima destinada a este programa será 18.000,00 euros (dezaoito mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria "Bolsas económicas" 2311.480.00.00 do orzamento aprobado para o exercicio 2020 da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Obxecto e finalidade

A finalidade destas axudas é a de apoiar ás mulleres en situación de violencia de xénero para afrontar unhas necesidades derivadas principalmente da violencia de xénero no proceso de ruptura co agresor e sempre que non poidan ser cubertas pola beneficiaria. Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais, non periódicas.

Destinatarias

O programa diríxese ás mulleres vítimas de violencia de xénero, usuarias dos dispositivos municipais de atención ás mulleres do Concello de Vigo.

Gastos subvencionables

As axudas concedidas poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

Requisitos

Os requisitos para acceder a estas axudas son os seguintes:

1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada

2º.- Ter acreditada a situación de vítima de violencia de xénero por parte do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo

3º.-Residir no termo municipal de Vigo

4º.- Non dispoñer de ingresos económicos suficientes para afrontar os gastos derivados da súa solicitude, a valoración da traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

5º.- Ter debidamente xustificadas as axudas concedidas con anterioridade.

6º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa da situación de necesidade e da situación de Violencia de Xénero que solicite o equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller ou ben, autorizar ó Concello de Vigo (Servizo de Igualdade) para obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.

Contía das axudas

O importe máximo por beneficiaria e ano establécese en 600 €/ano, agás causas urxentes debidamente xustificadas. O pago da axuda concedida poderase realizar en pagos fraccionados atendendo á valoración realizada polos servizos municipais de atención ás mulleres.

Presentación de solicitudes e prazo

As interesadas deberán presentar as súas solicitudes de axudas a través do Rexistro Xeral municipal, ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Presentaranse no modelo oficial (Anexo I-A) debidamente cumprimentadas e asinadas pola solicitante.

O prazo de presentación comezará o día seguinte da publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e finalizará o 23 de decembro de 2020.

Publicidade

O Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a “Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas” establece un réxime específico previsto para aqueles casos nos que a BDNS poida conter información ou datos especialmente protexidos e co recoñecemento do dereito de ocultación que existe ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial.

Así, no seu artigo 7.5 b) establécese que non se publicarán as subvencións públicas concedidas a persoas físicas cando “a persoa física se atopa nunha situación de protección que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra a muller”.

Polo dito, non se rexistrará información das concesións deste programa de axudas na BDNS, nin no Portal de Transparencia do “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións” sen menosca-bo do deber de rexistrar a convocatoria nos anteditos portais.



Concello de Vigo

ANEXO III

EXTRACTO

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de data, polo que se aproba a convocatoria do “Programa de axudas directas para mulleres vítimas de violencia de xénero para o ano 2020”.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións.

(<http://www.pap.minhap.gob.es/dbnstrans/index>):

PRIMEIRA.- BENEFICIARIAS

O programa diríxese as mulleres vítimas de violencia de xénero, usuarias dos dispositivos municipais de atención as mulleres do Concello de Vigo.

SEGUNDA.- OBXECTO E FINALIDADE

A finalidade destas axudas é a de apoiar ás mulleres en situación acreditada de violencia de xénero para afrontar unhas necesidades derivadas principalmente da violencia de xénero no proceso de ruptura co agresor e sempre que, a xuízo dos servizos municipais de atención á muller, non poidan ser cubertas pola beneficiaria.

TERCEIRA.- CONTÍA DAS AXUDAS

O importe máximo por beneficiaria e ano establécese en 600 €/ano, agás causas urxentes debidamente xustificadas. Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais, non periódicas

CUARTA.- CRÉDITO DE APLICACIÓN PRESUPOSTARIA

A cantidade máxima destinada a este programa será 18.000,00 euros (dezaoito mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria “Bolsas económicas” 2311.480.00.00 do orzamento aprobado para o exercicio 2020 da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación comezará o día seguinte da publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e finalizará o 23 de decembro de 2020.

SEXTA.- BASES REGULADORAS

As Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO). Remítirase a Convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma. Ao mesmo, publicaranse no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo.

9(20).-DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE PRESENTADA POR R.V.M.F. EXPTE. 35178/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 09/01/20, asinado pola técnica de Admon. Xeral, conformado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Único.- Con data 21/08/2019, a Sra. Román Vázquez M.F., presenta escrito de reclamación en materia de recoñecemento de dereito (doc. nº 190129644), en base ao cal solicita que se declare a existencia de fraude de lei na contratación temporal referida no seu escrito, e en consecuencia se recoñeza a súa condición de persoal laboral fixo ou subsidiariamente indefinido non fixo do Concello de Vigo.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

I.- RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

II.- Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos xerais do Estado para o ano.

III.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria subscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- O persoal indefinido non fixo.

Como é sabido o persoal indefinido non fixo, nace no ano 1996 como creación xurisprudencial da Sala do Social do Tribunal Supremo, para saír ao paso dos fraudes cometidos polas Administracións Públicas na contratación do persoal temporal. Dende o momento en que se creou esta figura xa se puxo de manifesto que, pese a súa ilicitude, as irregularidades contractuais non poden determinar a adquisición da fixeza polo traballador



Concello de Vigo

afectado, xa que logo tal efecto resulta contrario aos principios legais e constitucionais que garantan o acceso ao emprego público -tanto funcional, como laboral- en condicións que se axusten aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

No ámbito do concello de Vigo, foron emitidos informe xurídicos obrantes nos exptes 24698-220, 24853-220 e 29496-220, sobre esta cuestión, que aos efectos oportunos reproducimos parcialmente a continuación: *“Remitíndonos ao Dereito Administrativo do Emprego Público, resulta relevante indicar que o marco normativo de aplicación ao réxime xurídico e condicións do emprego público no noso ordenamento xurídico vén conformado esencialmente pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, (actualmente Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público), que regula detalladamente os sistemas de acceso ao mesmo, que deberán en todo caso respetar os principios de igualdade, mérito e capacidade dacordo co previsto na propia norma e no resto do ordenamento xurídico (artigo 55).*

*A propia Constitución de 1978 contempla que o acceso á función pública deberá efectuarse dacordo cos principios de **mérito** e **capacidade** (artigo 103.3) garantindo o dereito fundamental á **igualdade** de trato no artigo 14. Idéntica previsión rexe no dereito do emprego público en canto ao acceso á condición de persoal laboral (temporal, fixo ou indefinido) ao servizo do sector público.*

Polo tanto, os únicos sistemas de acceso ao emprego público -e conseguinte integración na plantilla orgánica municipal- pasan inexcusable e legalmente pola superación dun proceso selectivo de concorrencia competitiva que observe tales principios, o cal non se produciu no seu momento, xenerando os pronunciamentos xudiciais firmes de indefinición que permiten que continúe dito persoal desenvolvendo as funcións xudicialmente recoñecidas á data de hoxe en idénticas condicións ás indicadas nas sentenzas.”

Polo tanto e polo que respecta a petición principal, é claro que non procede a declaración de fixeza por impedilo os principios legais e constitucionais que garantan o acceso ao emprego público.

III.- Prohibición de recoñecemento en vía administrativa da condición de persoal laboral indefinido non fixo.

A Disposición Adicional 34.2 da lei de Orzamentos xerais do Estado para 2017 impediu expresamente o recoñecemento en vía administrativa da condición de persoal laboral indefinido non fixo das AAPP. Incorporación literal de ese mandato que se reproduciu na DA 43 da vixente lei 6/2018 de Orzamentos Xerais do Estado para o 2018 e prorrogada para o ano 2019.

A citada Disposición adicional cuadraxésima terceira, que leva por rúbrica “Exigencia de responsabilidades en las Administraciones Públicas y entidades dependientes de las mismas por la utilización de la contratación laboral”, no punto segundo, dispón de forma cexpresamente: *“Los órganos competentes en materia de personal en cada una de las Administraciones Públicas y en las entidades que conforman su Sector Público Instrumental serán responsables del cumplimiento de la citada normativa, y en especial velarán para evitar cualquier tipo de irregularidad en la contratación laboral temporal que pueda dar lugar*

a la conversión de un contrato temporal en indefinido no fijo. Así mismo, los órganos de personal citados no podrán atribuir la condición de indefinido no fijo a personal con un contrato de trabajo temporal, ni a personal de empresas que a su vez tengan un contrato administrativo con la Administración respectiva, salvo cuando ello se derive de una resolución judicial.”

Polo tanto, tal e como determina taxativamente a vixente DA 43, solo previa resolución xudicial se poderá determinar que o fraude na contratación administrativa ou laboral temporal provocará a existencia de indefinidos non fixos, é dicir, solo a través da vía xudicial é posible atribuír tal condición a un empregado público ou contratado administrativo.

Así as cousas, a única resposta posible para a administración é a de remitirse á citada disposición e establecer que en base a ela, sen mais trámite, e sen entrar no fondo da cuestión por ausencia de competencia da Administración de resolver a petición; corresponde ao órgano xudicial establecer si os reclamantes teñen ou non a condición de traballadores indefinidos non fixos.

IV.- De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.

Polo tanto e coa conformidade da Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, (Delegacións competenciales por Decreto de Alcaldía e Acordo XGL de datas 18/06/2019 e 20/06/2019), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

"PRIMEIRO.- Desestimar, en base ao informe proposta que antecede a solicitude presentada pola Sra. Román Vázquez M.F. (doc nº 190129644).

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á solicitante.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(21).- NOMEAMENTO INTERINO DUNHA AUXILIAR DE ADMON. XERAL PARA A UNIDADE DE ATENCIÓN CIDADÁ (INFORMACIÓN). EXPTE. 35133/220.



Concello de Vigo

Visto o informe de fiscalización do 09/01/20, dáse conta do informe-proposta do 20/12/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 03/12/2019, a Secretaria de Goberno Local, solicita cobertura dun posto de Auxiliar Admon. Xeral, dada a renuncia da persoa nomeada anteriormente

emite informe sobre as necesidades de persoal manifestando a urxente necesidade dun/dunha Auxiliar de Administración Xeral para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, a concelleira-delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 05/12/2019 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/dunha Auxiliar de Administración Xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

3.- Con data 12/12/2019, emítase polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año corres-

pondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:



Concello de Vigo

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

O/a funcionario/a interino/a percibirá o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-auxiliar), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos

“Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Secretaria de Goberno Local, así coma na instrución de servizo da concelleira-delegada Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo técnico de organización e planificación de recursos humanos, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de cinco meses dun/dunha Auxiliar para Unidade de Atención Cidadá, (cód. 232), e tendo en conta o nomeamento entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 31 de maio de 2020, supón un gasto de **13.327,24 €**, dos que a cantidade de **10.080,34 €** é en concepto de retribucións totais, e **3.246,90 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente" do orzamento do exercicio 2020 (5 meses).

Non obstante, e considerando a obxección indicada no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.



Concello de Vigo

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente “Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Auxiliar de Administración Xeral, existes listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Auxiliares de Administración Xeral a **D^a. Yaiza Rodriguez Garcia con DNI ***7028****, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

Os mesmos aceptaron expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de recursos humanos e formación e da sra. concelleira-delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos de alcaldía en datas 18/06/2019 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **Auxiliar de Admón. Xeral (cód. 138)**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de cinco meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades da Unidade de Formación, contidas no escrito de data 03/12/2019 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **13.327,24 €**, dos que a cantidade de **10.080,34 €** é en concepto de retribucións totais, e **3.246,90 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas por un período máximo de cinco meses, como **Auxiliar Admón. Xeral a D^a. Yaiza Rodriguez Garcia con DNI ***7028****, na súa condición de seguintes aspirante na lista que superou todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento faráse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os cinco meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto posto cód. 138-Auxiliar, sendo adscrita a Unidade de Información(cód. 232), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral da funcionaria interina nomeada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo á aspirante nomeada, á unidade de información, á intervención xeral, ao negociado de seguridade social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(22).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS (AGADIC) PARA A REALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS NO ANO 2019 (1º SEMESTRE). EXPTE. 3088/330.

Visto o informe xurídico do 30/12/19 e o informe de fiscalización do 13/01/20, dáse conta do informe-proposta do 16/12/19, asinado pola técnica medio de Actividades Culturais e Educativas, conformado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de Cultura que di o seguinte:

A Constitución Española no seu artigo 44.1 establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito.



Concello de Vigo

A Lei 7/1985 establece nos seus artigos 25.1 e 25.2.m as competencias municipais en materia de cultura entre as que se inclúen a promoción da cultura e equipamentos culturais. Pola súa banda, o vixente decreto de delegación de competencias na Área de Cultura establece as seguintes atribucións:

11. *A promoción, difusión e extensión da Cultura en calquera das súas manifestacións.*
12. *O fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística en xeral.*
A Concellería da Área de Cultura organiza semestralmente a programación estable de artes escénicas con programación de música, teatro, danza, circo e maxia, todas as fins de semana de febreiro a abril e de outubro a novembro.

Con data 26 de xuño de 2019 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo delegou nos concelleiros-delegados, entre outras as seguintes competencias:

- 5.- *O impulso, execución, coordinación e tramitación dos expedientes relativos á contratación administrativa, axudas, subvencións e convenios relativos ao ámbito material da competencia delegada, incluída, en relación cos convenios, a súa formalización e sinatura dos mesmos.*

A Axencia Galega das Industrias Culturais é un organismo no que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura e Turismo. A Lei 4/2008, do 23 de maio de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) a define como unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, que ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego e no artigo 5 establece como unha das súas funcións promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados dentro e fóra do noso país, en concreto facilitando o acceso da cultura das artes escénicas galegas.

Para a consecución destes obxectivos creouse a Rede Galega de Teatros e Auditorios para fomentar a difusión das artes escénicas a través dunha programación estable e coordinada nos teatros e auditorios a través dun programa de colaboración coas entidades titulares dos espazos escénicos integrados na Rede Galega de Teatros e Auditorios.

A vantaxe económica para a Administración Municipal está baseada en que se percibirá unha achega económica que permitirá facer unha programación máis ampla no seguinte semestre.

No convenio previsto para este primeiro semestre do ano 2020 contémpanse un total de 19 contratos de espectáculos diferentes que suporían un total de 70.307,60 €. Estes contratos tramitaráanse a través de contratos privados de natureza artística por parte da Área de Cultura, entre outros contratos fóra deste convenio que conforman a programación Vigocultura do primeiro semestre de 2020. Trátase de programación estable que se realiza cada ano. Unha vez realizadas as actuacións previstas e efectuados os pagos ás compañías que se contraten que aparecen neste convenio, xustificadas á Agadic e ingresado o importe aquí conveniado por parte desta Axencia, a Concellería de Cultura tramitará a correspondente xeneración de crédito polo importe máximo resultado do convenio de colaboración (33.196,40 €) na partida orzamentaria da Área de Cultura 33312260906

“programación Auditorio Municipal”, o cal permitirá incorporar este importe á programación do ano 2020 destinada a este programa cultural. A consecuencia de non asinar este convenio sería non recibir a contía económica prevista por parte de AGADIC que causaría a redución proporcional da programación para o seguinte semestre.

Tal e como se establece no artigo 47 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réximen Xurídico do Sector Público, este convenio non ter por obxecto a prestación propia dun contrato. Así pois, este documento non estaría suxeito á Lei de Contratos do Sector Público, xa que simplemente consiste na sinatura dun acordo de colaboración polo que AGADIC fai unha achega económica para fomentar a contratación de artistas nos concellos adheridos á Rede Galega de Teatros e Auditorios. Trataríase pois dun convenio de tipo interadministrativo, asinado entre dúas Administracións Públicas.

O artigo 48 da citada lei establece que as Administracións Públicas, os seus organismos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público ou privado, sen que isto supoña a cesión da titularidade da competencia. A subscrición deste convenio mellorará a eficacia da xestión pública, facilitando a utilización conxunta de medios e servizos públicos e contribuíndo á realización de actividades de utilidade pública cumprindo coa lexislación de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira.

A achega financeira que se compromete a realizar a AGADIC non será superior en ningún caso aos gastos derivados da execución deste convenio.

O convenio remitido pola AGADIC para a súa sinatura inclúe as materias sinaladas no artigo 49 da Lei 40/2015 sinalada anteriormente.

Os termos que establece a lexislación vixente en canto a análise da necesidade da sinatura do presente convenio, así como a necesidade, oportunidade e impacto económico e o carácter non contractual do mesmo están expostos na memoria xustificativa do contrato anexa a este expediente previa ao presente informe proposta.

É por isto, polo que se remite á Xunta de Goberno Local, previo informe xurídico e informe de Intervención Xeral deste Concello, o proxecto do texto do convenio para o primeiro semestre para a súa aprobación e posterior sinatura por parte do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Por todo isto, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO.-

1. Aprobar a proposta do texto do convenio coa Axencia Galega das Industrias Culturais para o financiamento da programación de artes escénicas do primeiro semestre do ano 2020 celebrada no Auditorio Municipal do Concello ao abeiro da Rede Galega de Teatros e Auditorios, entidade á que pertence o Concello de Vigo desde o ano 2007 e que se achega no expediente.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ENTIDADE Concello de Vigo PARA A XESTIÓN DA PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS DO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2020.

Santiago de Compostela

Dunha banda, Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), con CIF Q6550009B no exercicio das facultades e demais funcións que lle foran conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, e en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic (DOG Nº 164 de 29 de agosto de 2012).

Doutra, Abel Fermín Losada Álvarez, representante de Concello de Vigo en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E dando fe por parte do concello o secretario, en virtude do R.D. 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

Ambas as partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade legal para convir no nome das entidades que representan e teñen conferidas e a tal fin formalizan este convenio que se enmarcará dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

EXPOÑEN:

1. A Axencia Galega das Industrias Culturais é o organismo en que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio ao sector cultural dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura e Turismo.

2. O artigo 3.1 da Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) define o seu obxecto establecendo: "A Agadic ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables".

3. O artigo 5.1 Lei 4/2008, do 23 de maio, determina que unha das funcións da Agadic é: "Promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de

públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados", e o artigo 5.2 establece que: "A Agadic poderá, para o logro dos seus obxectivos, celebrar convenios con institucións públicas e privadas".

4. O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculado ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común".

5. A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, de 22 de xuño da Administración Local de Galicia, atribúe competencias tanto aos concellos como ás deputacións de fomento e organización de actividades nos seus respectivos ámbitos territoriais.

6. A Resolución de 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios establece na súa parte expositiva que a dita Rede creouse "para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, actuando como mercado preferente para o teatro, a danza e a música e dotándoo dunha estabilidade na súa programación habitual". Esta está constituída pola Agadic e polas entidades titulares de teatros e auditorios que voluntariamente se adhiren para a difusión das artes escénicas e musicais a través dunha programación estable e coordinada mediante a colaboración dos axentes implicados.

7. A Resolución do 28 de febreiro de 2011, pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios, establece no artigo 2: "As programacións da Rede Galega de Teatros e Auditorios estruturaránse en dous períodos de programación, que comprenderán os meses de xaneiro a xuño, o primeiro, e de xullo a decembro, o segundo".

8. O Concello de Vigo e a Agadic acordan colaborar con este convenio ao considerar necesaria a difusión das artes escénicas e musicais a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios, ofertando unha programación estable e coordinada na que non é posible promover a concorrència pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio, nas que a Agadic e a entidade local participan en calidade de coorganizadores.

Este convenio atópase incluído na proposta de actuacións da Axencia Galega de Industrias Culturais para o ano 2020.

Por este motivo, ambas as dúas entidades asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira.-Obxecto

O obxecto do presente convenio é o desenvolvemento conxunto da programación do primeiro semestre do ano 2020 no Auditorio Municipal de Vigo integrado na Rede Galega de Teatros e Auditorios de conformidade co disposto na Resolución do 21 de novembro de



Concello de Vigo

2006, pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, principal instrumento da Agadic para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, así como na Resolución do 28 de febreiro de 2011 pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na citada Rede.

As intervencións obxecto do presente convenio está incluídas no plan estratéxico semestral dos convenios de colaboración a subscribir pola Axencia Galega das Industrias Culturais e as entidades asociadas á Rede Galega de Teatros e Auditorios.

Segunda.-Obrigas do Concello/Deputación

Mediante a sinatura deste convenio, Concello de Vigo comprométese a levar a cabo as actuacións especificadas no cadro na cláusula cuarta e debendo asumir as seguintes obrigas:

a) Levará a cabo a contratación das actividades programadas de conformidade coa lexislación contractual aplicable e vixente.

b) Aboaralle ás compañías ou grupos participantes na programación o estipulado no contrato.

c) Asumirá os gastos derivados da organización puntual de cada actividade, da coordinación e xestión do ciclo de actuacións, así como dos gastos de difusión gráfica e oral, e o pagamento dos dereitos de autor á entidade xestora dos mesmos.

d) Remitirá a información sobre públicos e recadación da billeteira en formato electrónico a través da páxina de Agadic www.galescena.gal nun prazo non superior aos cinco días hábiles seguintes á celebración de cada actuación.

e) Comunicaralle, con antelación suficiente, á dirección da Agadic calquera modificación da programación en particular, ao referente ás alteracións unilaterais do calendario de actuacións, dos horarios de celebración ou dos espazos nos que se desenvolve a programación.

f) Utilizará en todo o material de difusión, así como nos actos de comunicación pública, que se realice ao abeiro das actuacións contidas neste convenio a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatros e Auditorios, facendo mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas. A entidade comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a imaxe corporativa do Xacobeo 2021 e Xunta de Galicia, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa.

g) Porá á venda as entradas para cada actuación cos prezos mínimos recollidos na normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios e aplicará os descontos previstos nela. A recadación xerada pola venda de entradas da programación aquí recollida non suporá ánimo de lucro para ningunha das entidades.

h) Facilitaralle á Agadic, sempre previa solicitude, as invitacións para cada actividade dentro dos límites establecidos no artigo 5.3 da Resolución de 28 de febreiro de 2011.

O incumprimento total ou parcial de calquera das devanditas obrigas conlevará a perda total ou parcial da achega de Agadic percibida pola entidade pública.

Terceira.-Obrigas de Agadic

A Agadic, dentro das súas competencias, comprométese a coordinar e asesorar tecnicamente, todas as actuacións para o correcto desenvolvemento do convenio así como das programacións aprobadas e, en concreto:

a) Realizará dúas convocatorias anuais para a realización da programación, que será de xeito semestral.

b) Xestionará e manterá actualizada a páxina de xestión: www.galescena.gal, a través da que os grupos e compañías profesionais realizarán as súas propostas e as entidades programadoras realizarán a programación semestral.

c) Revisará, comprobará e aprobará as programacións realizadas, a través do departamento competente en materia de programación, segundo a normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

d) Colaborará e apoiará o labor de promoción e difusión das programacións previstas nos medios de comunicación tanto impresos como dixitais.

e) Elaborará informes de público anualmente, así como calquera outro tipo de informes, avaliacións e estatísticas que estime oportunos para acadar unha maior eficiencia na xestión das programacións.

f) Fará fronte ao pagamento das cantidades estipuladas neste convenio sempre que a xustificación achegada sexa correcta.

Cuarta.-Financiamento

O custe total das actividades previstas no convenio ascende a un total de 70,307.60 euros, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

A Agadic colaborará cunha achega de 33,196.40 euros, impostos incluídos, cantidade que irá con cargo á aplicación orzamentaria 11A1 432B 640 1 correspondente aos orzamentos da Axencia Galega das Industrias Culturais para o ano 2020. Este convenio tramitarase como anticipado de gasto e quedará condicionado á aprobación da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma, e sempre que exista crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas derivadas do convenio.

O Concello de Vigo colaborará coa cantidade restante de 37,111.20 euros.



Concello de Vigo

Estas achegas financiarán exclusivamente o custe de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes obteñan lucro ningún.

A porcentaxe de cada aportación así como a súa programación será a que segue:

Programación	Compañía	Espectáculo	Data	Lugar	Achegas AGADIC	Achegas ESPAZO
PA	Contraproducións S.L	A COMPAÑEIRA DE PISO	07-02-2020	Auditorio Municipal de Vigo	1,742.40 €	1,161.60 €
PA	Contraproducións S.L	A COMPAÑEIRA DE PISO	08-02-2020	Auditorio Municipal de Vigo	1,161.60 €	726.00 € + 40 % bill.
PI	Galitoo	THE SHOW MOSCÓN	09-02-2020	Auditorio Municipal de Vigo	840.00 €	1,260.00 €
PA	Sarabela Teatro	Crónicas do Paraíso	14-02-2020	Auditorio Municipal de Vigo	1,580.00 €	2,370.00 €
PI	TEATRO AVENTO PRODUCCIÓN	O libro da selva	16-02-2020	Auditorio Municipal de Vigo	1,100.00 €	1,650.00 €
PA	Malasombra Produccións	BERNARDA	21-02-2020	Auditorio Municipal de Vigo	1,316.40 €	1,974.60 €
PI	Os Monicreques de Kukas	ARLEQUINA	23-02-2020	Auditorio Municipal de Vigo	1,680.00 €	2,520.00 €
PA	MARELAS PRODUCTIONS	Liberto	28-02-2020	Auditorio Municipal de Vigo	1,447.20 €	2,170.80 €
PI	ARACALADANZA	PLAY	01-03-2020	Auditorio Municipal de Vigo	5,806.50 €	2,488.50 €
PA	TEATRO EN-TRANCE	PULSO	06-03-2020	Escenario do Auditorio Municipal	140.00 €	35.00 €
PA	Teatro En Punto	Margarita	06-03-2020	Cameríns do Auditorio Municipal de Vigo	400.00 €	100.00 €
PA	Teatro En Punto	Margarita	06-03-2020	Cameríns do Auditorio Municipal de Vigo	250.00 €	250.00 €
PA	Teatro En Punto	Margarita	06-03-2020	Cameríns do Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	0.00 € + 80 % bill.
PA	TEATRO EN-TRANCE	PULSO	06-03-2020	Escenario do Auditorio Municipal	87.50 €	87.50 €
PA	TEATRO EN-TRANCE	PULSO	06-03-2020	Escenario do Auditorio Municipal	0.00 €	0.00 € + 80 % bill.
PA	Teatro En Punto	Margarita	07-03-2020	Cameríns do Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	0.00 € + 80 % bill.
PA	Teatro En Punto	Margarita	07-03-2020	Cameríns do Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	0.00 € + 80 % bill.
PA	Teatro En Punto	Margarita	07-03-2020	Cameríns do Auditorio Municipal	0.00 €	0.00 € + 80 % bill.
PA	TEATRO EN-TRANCE	PULSO	07-03-2020	Escenario do Auditorio Municipal	0.00 €	0.00 € + 80 % bill.
PA	TEATRO EN-TRANCE	PULSO	07-03-2020	Escenario do Auditorio Municipal	0.00 €	0.00 € + 80 % bill.
PA	TEATRO EN-TRANCE	PULSO	07-03-2020	Escenario do Auditorio Municipal	0.00 €	0.00 € + 80 % bill.
PI	PEDRAS DE CARTÓN	LÁZARO de Tormes	08-03-2020	Auditorio Municipal de Vigo	800.00 €	1,200.00 €
PA	Kamikaze Producciones S.L	JAURÍA	13-03-2020	Auditorio Municipal de Vigo	5,808.00 €	8,712.00 €
PI	Talía Teatro	LAMBETADAS	15-03-2020	Auditorio Municipal de Vigo	716.00 €	1,074.00 €
PA	Ibuprofeno Teatro	O MEL NON CADUCA	20-03-2020	Auditorio Municipal de Vigo	968.00 €	1,452.00 €
PI	Pistacatro Productora de Soños S.L.	Y AHORA QUÉ?	22-03-2020	Auditorio Municipal de Vigo	1,740.00 €	2,610.00 €
PA	Producións Teatráis	Medida x Medida de	17-04-2020	Auditorio Municipal	2,032.80 €	3,049.20 €

Programa ción	Compañía	Espectáculo	Data	Lugar	Achegas AGADIC	Achegas ESPAZO
	Excéntricas SL	Shakespeare		de Vigo		
PA	Olivas	Doce uvas, dúas mulleres e unha oliva	18-04-2020	Auditorio Municipal de Vigo	640.00 €	960.00 €
PA	Pistacatro Productora de Soños S.L.	ALMA (non é hippie)	24-04-2020	Auditorio Municipal de Vigo	2,240.00 €	960.00 €
PI	CARAMUXO TEATRO	CATRO	26-04-2020	Escenario do Auditorio Municipal	700.00 €	300.00 €
				Total:	33,196.40 €	37,111.20 €

Quinta.-Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase con data límite do 31 de agosto de 2020 electronicamente, accedendo ao expediente na carpeta do cidadán da persoa representante da entidade pública no web: <https://sede.xunta.gal/>

A xustificación deberá conter a seguinte documentación:

-Conta xustificativa dos gastos realizados conforme ao establecido no convenio que deberá conter con carácter xeral: identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión, forma de pagamento (transferencia, etc.), data de pagamento e importe. Os documentos de gasto das actividades levadas a cabo deberán ter como data límite o 31 de agosto de 2020.

-Informe do responsable da programación de que a realización da actividade se desenvolveu de acordo co establecido en convenio.

-Copia do material de difusión e promoción das actividades recollidas neste convenio onde apareza reflectida a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatro e Auditorios, Xacobeo 2021 e Xunta de Galicia, así como aqueles logotipos que estivesen en vigor no momento da sinatura do convenio.

En calquera momento, a Agadic poderá solicitar, unha vez finalizado o período de programación correspondente, orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

-Facturas oficiais, con especificación do IVE e demais impostos que se inclúen, emitidas en forma legal e debidamente conformadas consonte co R.D. 1496/2003, do 28 de novembro na súa última redacción.

-Xustificación bancaria dos pagamentos, onde conste o número da factura obxecto do pagamento, a identificación do pagador e o destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Agadic minorarase proporcionalmente.

O pagamento das cantidades estipuladas no presente convenio por parte da Agadic realizarase previa solicitude da entidade e realizarase do seguinte xeito:

- 50% tras a sinatura do convenio.



Concello de Vigo

- 50 % ao remate da programación e unha vez xustificada correctamente a totalidade da programación indicada na cláusula cuarta.

Sexta.-Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Sétima,- Dereitos sobre a información e difusión da colaboración das partes

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, as partes comprométese a facer mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas.

A entidade comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a imaxe corporativa do Xacobeo 2021 e a da Xunta de Galicia, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa, marcas que deben ser descargadas da web da Xunta de Galicia: <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/marca-principal> (para Xunta de Galicia) e <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/xacobeo-2021> (para Xacobeo 2021).

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas partes comprométese a facer mención expresa deste convenio.

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Consellería de Cultura e Turismo e da entidade asinante. Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

Oitava.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 31 de agosto de 2020.

Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimo con aviso previo de dous meses ou por incumprimento dos compromisos adquiridos.

Novena.-Comisión de seguimento

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte da entidade asinante actuará como responsable desta comisión o seu alcalde/presidente, ou persoa que designe en substitución.

Décima.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- a) *Por incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.*
- b) *Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.*

Décimo primeira.- Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo segunda .- Notificación electrónica

O artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e recibir notificacións por canles electrónicas son as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo terceira - Protección de datos de carácter persoal

As partes manifiestan que coñecen e comprenden a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

Así mesmo, as partes responsabilizaranse de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar no marco deste convenio se faga con absoluto respecto ao establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e na súa normativa de desenvolvemento.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de executar o convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.



Concello de Vigo

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

As partes adoptarán as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

Décimo cuarta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e así mesmo ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo o previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público aínda que o convenio está excluído do seu ámbito de aplicación, ao non previsto e de acordo co seu artigo 4 aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa aplicable e vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan

12(23).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA DOAZÓN DA OBRA “NENA NA FEIRA” DO PINTOR MANUEL LÓPEZ GARABAL. EXPTE. 6708/337.

Visto o informe xurídico do 02/01/20, dáse conta do informe-proposta de data 13/01/20, asinado polo director do Museo, o xefe do servizo de Museos Municipais e o concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

Con data 13 de setembro de 2019 ***3621** dirixe escrito ao Alcalde de Vigo; no cal manifesta o seu interese en doar ao Museo Municipal “Quiñones de León” o cadro “Nena na feira” do pintor Manuel López Garabal; procedéndose á apertura do expediente 6708-337.



O cadro identifícase nos seguintes termos:

Título: Nena na feira

Autor: Manuel López Garabal

Técnica: Óleo/lenzo

Medidas: 86 x 68 cm

Datación: 1945

Nota: Asinada con datación.

1. Antecedentes

Con data 19 de setembro o Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación cidadá resolve que polo Museo "Quiñones de León" se realice estudo valorativo da oferta de doazón da obra "Nena na feira" do pintor Manuel L. Garabal realizada por ***3621**".

En data 15 de outubro o director do Museo Municipal realiza visita á antedita para observación directa da obra, recollida de información e toma de fotografías.

En data 12 de decembro o director do Museo Municipal emite o informe valorativo do interese artístico do cadro ofertado, que obra no expediente, e cuxos elementos principais figuran no presente informe.



Concello de Vigo

2. Interese público da aceptación da doazón

A Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia establece, no seu título VIII, art. 111.1., que os museos "son institucións de carácter permanente, abertas ao público e sen finalidade de lucro, orientadas á promoción e ao desenvolvemento cultural da comunidade en xeral, por medio da **recollida, adquisición, (...) de bens patrimoniais de carácter cultural** que constitúen testemuños das actividades do ser humano ou do seu ámbito natural, con fins de estudo, educación, desfrute e promoción científica e cultural."

O Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León" dispón dunha das máis importantes coleccións de arte galega do século XX e é receptivo á adquisición de fondos desta natureza.

O pintor Manuel López Garabal está considerado un dos máis importantes pintores galegos da súa xeración.

Nacido en Santiago de Compostela en 1907 fórmase no obradoiro do célebre pintor compostelán Tito Vázquez, debutando en 1926 na Exposición Rexional celebrada en Santiago e en Madrid na Nacional do mesmo ano. En 1927 trasládase á capital española onde ingresa na Real Academia de Belas Artes de San Fernando compaxinando a súa asistencia con clases libres do Círculo de Bellas Artes.

De regreso en Compostela en 1928 casa coa pintora Concha Vázquez e realiza na vila natal a súa primeira exposición en solitario, mostra á que seguen outras como a de 1934 en colaboración con Díaz Baliño e o escultor Liste; ou a do mesmo ano en Vigo, exposición celebrada polo diario *El Pueblo Gallego* como *nova forma de ver e interpretar Galicia*.

A enfermidade e a guerra civil interrompen a súa carreira que retoma en 1941 cando obtén o título da Escola Superior de Belas Artes e un ano despois a praza de profesor na Escola de Artes e Oficios de Compostela.

Ata a súa morte, acontecida en 1981, serán frecuentes as súas exposicións por toda Galicia, moitas delas en Vigo.

Tralo seu pasamento o Concello de Santiago crea o Premio de Pintura Garabal dirixido a alumnos e alumnas da Escola de Artes e Oficios municipal.

O artista atopase representado no Museo Provincial de Pontevedra; no Museo de Belas Artes de A Coruña; e nas coleccións do Concello de Santiago, da Deputación Provincial de A Coruña e de Afundación.

O museo municipal de Vigo dispón unicamente dunha obra do artista Manuel López Garabal, o cadro "Moza de Fisterra", óleo sobre lenzo datado en torno a 1944.



Por todo o cal valorase favorablemente a aceptación da doazón da obra de Manuel López Garabal que se oferta, “Nena na feira” e o seu ingreso na colección de arte galega contemporánea do Museo Quiñones de León; concluíndo o seu interese a partir dos seguintes feitos:

+ A importancia do pintor na historia da arte galega, estando considerado polo seu máximo especialista, profesor da Universidade de Santiago de Compostela, José Manuel López Vázquez, un “pintor, cuxa obra se inscribe no mellor do rexionalismo galego”.

+ A mínima representación deste artista na colección de arte do Concello de Vigo.

+ A gran calidade da obra ofertada, un magnífico exemplo da produción de madurez do pintor no que trascende a mera visión rexionalista da realidade galega para afondar en máis fondos significados.

3. Condicións establecidas para a doazón

A doante non establece condición *sine qua non* para a realización da súa doazón.

4. Valoración económica estimada

En base ás consultas realizadas establececese un valor económico para a obra de 6.000 €.

5. Informe xurídico favorable

En data 2 de xaneiro de 2020 a Secretaria de Administración Municipal emite informe favorable acerca da oferta de doazón, sinalando que unha vez aceptada pola Xunta de Goberno local deberá procederse á modificación do Inventario Municipal nos termos sinalados no artigo 22 do RBEL respecto do inventario dos bens mobles de carácter histórico; así como do Inventario do Museo Municipal conforme o disposto no artigo 115.1 da LPCG.

No expediente consta declaración responsable da ofertante de 22 de outubro de 2019 conforme declara que a obra é da súa única e lexítima propiedade.

Visto todo o cal, co informe favorable da Secretaria de Administración Municipal; coa conformidade do Xefe do Servizo de Museos, do Xefe do Servizo de Promoción e Xestión Cultural; e do Concelleiro Delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá; faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA.-



Concello de Vigo

"Aceptar a doazón da obra "Nena na feira" do pintor Manuel López Garabal, ofertada por ***3621**, cuxa descrición obra no anexo; para o seu ingreso na colección de arte galega do Museo Municipal "Quiñones de León"; procedendo trala súa incorporación á modificación do Inventario Municipal nos termos sinalados no artigo 22 do RBEL respecto do inventario dos bens móbiles de carácter histórico; así como do Inventario do Museo Municipal conforme o disposto no artigo 115.1 da LPCG."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO.-



Título: Nena na feira

Autor: Manuel López Garabal

Técnica: Óleo/lenzo

Medidas: 86 x 68 cm

Datación: 1945

Nota: Asinada con datación.

Estado de conservación: Bo, con afectacións puntuais en zonas da superficie pictórica probablemente por rozaduras.

13(24).- MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 11700/407.

Visto o informe de fiscalización do 09/01/19, dáse conta do informe-propostao 11/12/19, asinado polo xefe dos Servizos Centrais da XMU, o xerente e o secretario da XMU, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES.

Con data 24.10.2019 a Xunta de Goberno Local aprobou inicialmente a modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión de 26.12.2016 e publicada integramente no BOP de 13.03.2017.

De conformidade co preceptuado polo artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, con data 5.11.2019 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (núm. 212) anuncio de exposición pública, durante o período de 20 días hábiles (ata o 03.12.2019), da citada relación de postos de traballo.

Durante o citado prazo presentáronse as seguintes alegacións:

- 1.- Doc. 190185333 (25.11.2019): Sonia Pastor Diéguez.
- 2.- Doc. 190185334 (25.11.2019): María Elena Rodríguez Pequeño.
- 3.- Doc. 190190885 (02.12.2019): Blanca Ana Roig Sánchez.
- 4.- Doc. 190190903 (02.12.2019): Blanca Ana Roig Sánchez.
- 5.- Doc. 190191548 (03.12.2019): Antonio Alonso Fernández.
- 6.- Doc. 190191665 (03.12.2019): Carolina Pérez Aguilera.
- 7.- Doc. 190191761 (03.12.2019): Paula Martínez Vidal.
- 8.- Doc. 190191770 (03.12.2019): M^a Lorena López Rodríguez.
- 9.- Doc. 190191876 (03.12.2019): Lucía Bouzada Riveiro.

2.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

Remítímonos neste punto ós fundamentos expostos coa proposta de aprobación inicial. No presente momento procedimental, deberase ter en conta o preceptuado pola Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG nº 82 de 04.05.2015 e BOE nº 123 de 23.05.2015), que no seu artigo 202.2 expresa:

“A relación de postos de traballo, previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido dito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se formularon reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas”.

Con carácter xeral e antes de informar de forma individual as reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas, debe expresarse que dado que a presente relación de postos de traballo (RPT) non inclúe todos os postos existentes neste Organismo Autónomo, non cabe



Concello de Vigo

- polo momento- unha definición íntegra do modelo organizativo, que queda posposta ó exercicio 2020, no que se prevé que coa entrada en vigor do Orzamento Xeral do Concello, isto sexa posible mediante a integración dos postos (máis de vinte) que agora figuran na RPT do ente matriz.

3.- INFORME ÁS ALEGACIÓNS PRESENTADAS.

3.1.- Documentos 190185333 e 190185334: presentadas por D^a Sonia Pastor Diéguez e D^a Elena Rodríguez Pequeño, respectivamente.

Realízase a proposta de resolución conxunta por ter idéntico contido.

3.1.1.- En relación co erro advertido na codificación do complemento específico dos postos de Administrativa/o do Departamento de Desenvolvemento Urbanístico (código 411.03 do catálogo) e segundo se desprende do informe-proposta aprobado inicialmente, efectivamente debe corresponderlle a clave de específico 318, en vez da 317. Dita corrección debe estenderse á da clave de específico asignada á xefatura da oficina (código 411.03 do catálogo), tamén de acordo co citado informe-proposta: correspóndelle a clave 321, en vez de 320. Trátase da corrección de erros materiais no catálogo de postos que figura ANEXO ó acordo.

3.1.2.- En relación coa petición da asignación do específico 320 (12.351,76 euros/ano), cun importe superior en 809,25 euros/ano, respecto do actualmente asignado (318), debe expresarse en función do alegado:

1º.- Que non se aprecia identidade entre a singularización dos postos de “Administrativa/o” de Desenvolvemento Urbanístico e os de Rexistro, precisamente en aplicación dos parámetros establecidos pola normativa vixente en materia retributiva para a definición do complemento específico: dificultade técnica, dedicación, incompatibilidade, responsabilidade, perigosidade ou penosidade. Non existe identidade entre os citados postos nin na dificultade técnica, nin na dedicación. A cualificación da documentación presentada polos solicitantes de servizos urbanísticos, ademais dunha formación técnica específica no conxunto dos procedementos instruídos a petición dos interesados, require unha dedicación intensiva e unha exposición permanente ó público; circunstancias que non se dan nos postos de Administrativa/o de Desenvolvemento urbanístico.

2º.- Que non cabe falar de desenvolvemento de funcións administrativas de tres “departamentos” (non están cualificados como tales) sen ter en conta o volume de traballo desenvolto en xeral e os citados factores configuradores do complemento específico asignado.

3º.- Que non cabe aplicación directa dunha sentenza dun Xulgado, recaída nun suposto determinado. Non cabe estender os seus efectos máis alá da “cosa xulgada”.

En consecuencia, en relación coa petición do específico anual 320, propónse a desestimación da reclamación presentada.

Non obstante, calquera estudo dirixido a establecer modificacións nos complementos específicos asignados ó conxunto dos Administrativas/os desta Xerencia Municipal de Urbanismo, deberá ter en conta a totalidade dos mesmos para evitar agravios comparativos.

3.2.- Documentos 190190885 e 190190903: presentadas por D^a Blanca Ana Roig Sánchez.

O primeiro documento, o número 190190885, foi presentado por erro, segundo declara a propia funcionaria alegante no segundo documento 190190903, que é o que se ten en conta a efectos deste informe. Seguindo os puntos marcados pola alegante:

Primeiro.- En relación coa asignación retributiva ó posto de xefe/a de Disciplina Urbanística e a equiparación do complemento específico ás xefaturas de Administración Electrónica, de Planeamento e Xestión e de Licenzas:

1.- Dita equiparación supón un incremento do 6,5 % no complemento específico do xefe/a de Disciplina Urbanística.

2.- Sen prexuízo da permanente necesidade de afondar na avaliación de todos os postos do Organismo, en especial dos singularizados, non cabe falar de asignacións “caprichosas”, “arbitrarias” e “irracionais” do complemento específico. Non pode ser, en ningún caso, o único criterio o número de solicitudes recibidas ou o número de postos de traballo da unidade ou servizo. Deberá terse en conta como mínimo a dificultade técnica, a dedicación, a incompatibilidade, a responsabilidade, a perigosidade e a penosidade (factores incluídos na definición legal de complemento específico).

Non dispón a alegante da información e antecedentes necesarios para establecer comparacións con outros postos. Por aludir de forma reiterada ó posto que ocupa este técnico informante, a xefatura dos Servizos Centrais, a avaliación deste posto está contida esencialmente no expediente 2891/407 e no acordo da Xunta de Goberno Local de 28.01.2008.

Segundo.- En relación co complemento específico do posto de “Xefe de Área Técnica” e a súa comparación con postos equivalentes do Concello:

- Esta relación de postos de traballo non inclúe os postos ocupados polo persoal do ente matriz adscrito a este Organismo Autónomo. Coa entrada en vigor do Orzamento do exercicio 2020, aprobado inicialmente polo Pleno o pasado 15.11.2019, poderase incluír na RPT ditos postos.

- Coa integración do conxunto dos postos deberase ter conta (neste caso de acordo coa alegante) as retribucións asignadas ós postos equivalentes do Concello e a singularidade do posto do Xerente (regulado polo artigo 85 bis da Lei 7/1985 e os vixentes Estatutos da Xerencia).

Terceiro.- En relación coa ubicación de catro postos de “Inspector Urbanismo” no Servizo de Disciplina Urbanística:



Concello de Vigo

1.- O modelo organizativo non é obxecto de negociación coa representación sindical (artigo 37 do Estatuto Básico do Empregado Público (RD Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro).

2.- Parece bastante obvio que as funcións esenciais dos inspectores de urbanismo están relacionados coa disciplina urbanística, correspondéndolle á Xefatura da Área Técnica e o Xerente a coordinación dos cometidos relacionados cos expedientes de licenzas.

Cuarto.- En relación co número de postos de traballo asignado ó “Grupo de Inspección” e a cualificación profesional requirida:

De acordo coa alegante é necesario dotar as prazas vacantes e que afectan á inspección urbanística, incorporándose en 2020 algunha provinte do Concello-ente matriz. Tamén é necesario incorporar unha maior cualificación profesional ós futuros inspectores de urbanismo, intentando crear algunha no grupo “A”. Non obstante, deberase ter en conta as restricións fixadas polas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

Quinto.- En relación coa praza de auxiliar administrativo e a posibilidade de cualificar este posto como A2, así como o reforzamento cun administrativo do Servizo:

1.- As prazas configúranse no cadro persoal, incluído como anexo ó Orzamento, polo que trasládase o estudo do alegado ó momento da modificación do vixente e do aprobado polo Pleno para 2020. Deberá achegarse as funcións que desenvolvería o/a titular da citada praza do subgrupo A2.

2.- O reforzamento cun Administrativo se fará en canto sexa posible, pero non afecta ó contido da relación de postos de traballo en trámite.

Sexto.- En relación coa provisión de determinados postos polo sistema de “concurso específico” (xefaturas de Licenzas, Disciplina, Planeamento e Xestión e Servizos Centrais):

Trátase dun sistema máis regulado pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, no seu artigo 91, e que como despréndese do seu apartado terceiro “*consiste na valoración dos méritos e as capacidades, coñecementos e aptitudes determinados en cada convocatoria e relacionados co posto a prover*”. Non se entende, por tanto, as alusións ós artigos 23.2 e 103.3 da Constitución e ás sentenzas do Tribunal Constitucional 193/1987, 67/1989 e 60/94. O sistema non supón a conculcación da necesaria igualdade, nin ó debido respecto ós principios de mérito e capacidade.

A utilización dun concurso específico nestas xefaturas posibilita que non sexan os mesmos méritos os que deban reunirse para acceder, por exemplo, á xefatura de Licenzas que á xefatura de Servizos Centrais (este posto require coñecementos e experiencia en materia económica, contable, recursos humanos, contratación, etc.).

De feito o artigo 91.1, da citada Lei galega 2/2015, expresa que “*as xefaturas de servizo ou postos de nivel equivalente proveranse por este sistema (concurso específico), agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública*”.

Por tanto, tendo en conta que por primeira vez xeneralízase o concurso como forma de provisión dos postos, que o concurso específico límitase a 4 dos 82 postos e que estes 4 postos se corresponden con 4 xefaturas que requiren méritos e capacidades determinadas, non se encontra fundamentación á alegación presentada, a efectos de ser tida en conta na aprobación definitiva.

Sétimo.- Exclusión dos 25 postos que se inclúen na RPT do ente matriz do Concello de Vigo:

Efectivamente esta exclusión xera unha forte disfunción neste Organismo Autónomo, que non dispón dunha RPT, como esencial instrumento organizativo, adecuada ós recursos humanos existentes.

As RPTs son meros instrumentos organizativos e de planificación que deseñan o que debe ser a estrutura idónea de calquera ente público sen necesidade de que os postos da RPT, ao menos no réxime local, teñan correspondencia exacta co Cadro de Persoal (Plantilla), un instrumento de contido económico que tan só inclúe os postos (prazas) da RPT con dotación orzamentaria.

O Orzamento 2020, aprobado polo Pleno da Corporación o pasado 15.11.2019, que contempla as consignacións destas prazas no Orzamento do Organismo Autónomo, permitirá corrixir esta disfunción (finalmente se traspasan 23 prazas).

3.3.- Documento 190191548: alegación presentada por D. Antonio Alonso Fernández.

O alegante pon de manifesto que non se incorporou ó expediente un informe remitido a este Servizos Centrais con data 19.10.2018. Con data 11.10.2018 solicitei por correo suxestións a 14 funcionarios desta Xerencia de Urbanismo que teñen algunha responsabilidade na organización. Este correo tiña un carácter interno para formar un documento de base, previo ós que serviron na tramitación do presente expediente. É totalmente inapropiado transcribir nunha alegación (incorporada a un expediente en exposición pública) un correo interno.

Unha vez que se recollen as diferentes propostas dos Servizos, a definición do documento ven determinado por varias limitacións:

- 1) Os recursos orzamentarios existentes.
- 2) O modelo organizativo deseñado polos órganos competentes neste Organismo: Presidencia e Xerente.
- 3) A necesaria negociación coa representación sindical.

De acordo co preceptuado polo artigo 54.10 do Estatuto Básico do Empregado Público (Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro), *os empregados públicos porán en coñecemento dos seus superiores ou dos órganos competentes as proposta que consideren adecuadas para mellorar o desenvolvemento das funcións da unidade na que estean destinados.*

Por tanto, non tiña que ser necesario para estes Servizos Centrais ter que solicitar propostas de mellora, cando se dan estas circunstancias nos respectivos servizos ou unidades.



Concello de Vigo

De entender o alegante que non se recolleron as súas propostas e as necesidades do servizo, o momento para presentar alegacións, suxestións ou reclamacións é o presente. Non se entende a incompreensión do procedemento por parte do alegante.

Respecto ó esencial, na alegación discrúpase coa supresión do posto de Adxunto ó xefe de Desenvolvemento Urbanístico. O modelo adoptado responde ás facultades de organización que lle corresponden ós órganos competentes, entendendo que suporá unha mellora na xestión.

No que informe que se achega con data 19.10.2017 (sinatura dixital do 19.10.2018), se formulan varias suxestións:

1) A adscrición das administrativas ó Departamento de Desenvolvemento Urbanístico xa se contemplan no documento de aprobación inicial. Respecto da creación dunha xefatura administrativa non pode fundamentarse na *“especial situación laboral e de asistencia ao traballo da xefa de negociado”*. No momento actual dita xefatura está encomendada a unha das administrativas.

2) En relación co posto de “adxunto ao xefe de desenvolvemento urbanístico” e mantemento dun *“nivel asignado superior ao resto de técnicos do departamento”*, xa se expresou o cambio no modelo organizativo que transforma o citado posto, sen cambios no nivel retributivo do posto.

3) A petición de que os técnicos de administración especial non se vexan discriminados nos seus niveis retributivos con outros técnicos de igual titulación doutras oficinas da Xerencia e de que se avalíe a especial capacitación dos existentes no departamento, é unha obriga esencial de esta e das sucesivas modificacións da RPT. Neste sentido e na asignación das retribucións complementarias xa se pon de manifesto neste informe a necesidade de profundizar na avaliación dos factores determinantes: dificultade técnica, dedicación, incompatibilidade, responsabilidade, perigosidade e penosidade, esencialmente.

4) Respecto ás necesidades das unidades de Cartografía e Servizos Técnicos, dicir que se comparten e que o traspaso de prazas do Concello á Xerencia en 2020 posibilitará a creación dunha praza de Enxeñeiro de Camiños e dalgún delineante. Débese avaliar a necesidade de un Topógrafo, sen prexuízo da externalización actual de determinados servizos cartográficos.

3.4.- Documento 190191665: alegación presentada por D^a. Carolina Pérez Aguilera.

En relación co ANEXO II, descritivo das funcións asignadas ós diferentes servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo, debe expresarse que -como se explicita na proposta de aprobación inicial- non ten carácter limitativo e que será obxecto de revisión, para o que se solicita e solicitará unha proposta a cada servizo para a súa mellora.

En relación cos postos contemplados na Oficina de Arquivo e Control, o Orzamento 2020 permitirá incorporar os postos correspondentes ó persoal do Concello adscrito a esta Xerencia.

3.5.- Documento 190191761: alegación presentada por D^a. Paula Martínez Vidal.

Esta alegación remata coa solicitude da avaliación dos postos dos grupos A1 e A2, como se fai cos postos de administrativo (C1) na presente proposta de modificación. Como sa se dixo, en relación con outras alegacións, trátase dunha necesidade permanente: a avaliación de todos os postos; en especial na asignación do complemento específico e sempre de acordo cos factores que o definen legalmente: dificultade técnica, dedicación, incompatibilidade, responsabilidade, perigosidade e penosidade.

A dificultade técnica no desenvolvemento de determinados postos pode supoñer unha maior cualificación profesional. A alegante pon de manifesto que para o seu traballo foi necesario unha auto-formación en materias tales como CAD, sistemas de información xeográfica (SIX) e múltiples ferramentas informáticas que permiten a esta Xerencia poder desenvolver unha dobre función esencial:

- 1) O control da documentación privada presentada na Xerencia, en especial as entregadas polas empresas contratadas por este Organismo (como está ocorrendo na supervisión da actualización cartográfica realizada pola empresa adxudicataria).
- 2) O propio traballo desenvolto en Planeamento e Xestión Urbanística.

Reiteramos, en consecuencia, a necesidade de que -unha vez incorporado á RPT deste Organismo o persoal do Concello- se avalíen os factores determinantes na asignación de complementos específicos, tanto no posto ocupado pola alegante como no resto dos técnicos desta Xerencia.

3.6.- Documento 190191770: alegación presentada por D^a. M^a Lorena López Rodríguez.

Nesta alegación discrégase co modelo organizativo do departamento de Desenvolvemento urbanístico incluído neste expediente de modificación da RPT, en especial coa supresión do posto de adxunta á Xefatura de Desenvolvemento que ocupa a alegante mediante unha adscrición provisional.

Entendemos que non se vulnera ningún dereito adquirido pola alegante. Non existe prexuízo económico na reorganización e se comparte a necesidade de que exista un sistema de provisión dos postos que permita unha carreira profesional de todos os funcionarios desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

A tal efecto é necesario unificar o persoal que presta servizo neste Organismo Autónomo e convocar os correspondentes procesos de provisión en pública e libre concorrência.

Así mesmo, en relación coa necesidade de avaliar a formación cualificada das técnicas de administración especial, remitímonos ó xa dito nas alegacións formuladas polo xefe de Desenvolvemento Urbanístico e pola arquitecta Paula Martínez Vidal.

Non se pode esquecer o traballo desenvolto nos “fitos urbanísticos” sinalados pola alegante, pola súa complexidade e dificultade técnica, pero tampouco o traballo desenvolto polo resto dos traballadores desta Xerencia. Débense ter en conta, ademais das limitacións orzamentarias, o conxunto de factores determinantes das retribucións complementarias.

3.7.- Documento 190191761: alegación presentada por D^a. Lucía Bouzada Riveiro.



Concello de Vigo

Solicítase o “*incremento de dúas prazas na dotación da Oficina de Información e atención á cidadanía (403), con fin de prestar un servizo de atención telefónica e virtual adecuado, mellorando así a súa calidade e favorecendo unha imaxe máis positiva da institución.*”

Considérase necesario, para prestar un servizo adecuado a cidadanía, dotar a Oficina de Información cos medios humanos suficientes para poder realizar atención telefónica e virtual (a través da web). Constátase, cada día, que numerosas chamadas non poden ser ben atendidas e a resposta, ós temas formulados, moitas veces aprazada.

É imprescindible dotar as prazas vacantes, o que -ata o momento- ten sido restrinxido polas Leis de Orzamentos Xerais do Estado. Non obstante deberase explorar as excepcións previstas na normativa vixente e cos efectivos actuais e cos que podan chegar realizar a citada atención telefónica e telemática. Non obstante, non se considera necesaria a modificación do documento para a aprobación inicial por este motivo.

4.- PROPOSTA.

Por todo o exposto, de conformidade co previsto polo artigo 202.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e coas facultades outorgadas polos vixentes Estatutos desta Xerencia Municipal de Urbanismo (BOP de Pontevedra de 6.10.2010), propónse ó Consello da Xerencia que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

“PRIMEIRO.- Desestimar as reclamacións presentadas, agás a corrección dos erros advertidos na codificación do complemento específico dos postos de Xefatura de Oficina e de Administrativa/o do Departamento de Desenvolvemento Urbanístico (códigos 411.02 e 411.03 do catálogo respectivamente), no sentido de que, de acordo co informe-proposta da aprobación inicial, debe corresponderlle a clave de específico 321, en vez de 320, ó posto 411.02 e 318, en vez da 317, ó posto 411.03.”

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión de 26.12.2016 e publicada integramente no BOP de 13.03.2017, de conformidade co catálogo de postos que se achega. Deberá publicarse integramente de novo no Boletín Oficial da Provincia”.

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión do 17/12/19, acordou “elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(25).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA DO SERVIZO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES RECOLLIDAS NO PROGRAMA EDUCATIVO DE VIGOZOO. EXPTE. 8962/612.

Visto o informe xurídico do 09/01/20 e o informe de fiscalización do 10/01/20, dáse conta do informe-proposta do 08/01/20, asinado polo director de Réxime Interior, a concelleira-delegada de Medio Ambiente e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

Con data 11 de decembro do presente ano, se informa da necesidade de iniciar expediente de licitación para a contratación do servizo de desenvolvemento das actividades recollidas no proxecto de educación ambiental de VigoZoo no que se determina que na relación de postos de traballo non existe persoal específico para realizar as tarefas de educación, polo que faise imprescindible a contratación para prestación do desenvolvemento das actividades recollidas no proxecto educativo de VigoZoo, tales como concienciación dos escolares e público no que respecta á conservación da biodiversidade, información sobre as especies expostas e os seus hábitats naturais, en particular do seu grao de ameaza.

A xustificación do inicio do mesmo ven dado a necesidade de contratación do servizo de desenvolvemento das actividades recollidas no proxecto de educación ambiental de VigoZoo, nunha previsión de maior axilización na tramitación e maior control e xestión das contratacións, así como tratarse dun servizo necesario para o funcionamento do parque, se estima a posibilidade de iniciación dun único procedemento de licitación para dito servizo.

Como consecuencia do anterior, con data de 11 de decembro, a Concelleira de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoZoo, se inicie o expediente para a contratación do servizo de desenvolvemento das actividades recollidas no proxecto de educación ambiental de VigoZoo

No proceso licitador se seguirán os criterios establecidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).

En vista do anterior dende este servizo se elabora memoria xustificativa e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

1. Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo Coordinación de Educación de VigoZoo o 11 de decembro de 2019 e pola Concelleira de Medio Ambiente o mesmo día.
2. Orde de inicio da Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable para o inicio do expediente do 11 de decembro de 2019.
3. Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Coordinador de Educación de VigoZoo o 20/12/19 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable o 20/12/19.
4. Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Coordinador de Educación de VigoZoo o 13/12/19.



Concello de Vigo

5. Informe emitido pola Técnica de Administración Xeral-Contratación sobre a comprobación documental do expediente asinado o 13/12/19 e informe de corrección do mesmo de data 20/12/2019.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola xefa do Técnica de Administración Xeral-Contratación o 20/12/19.

2.- Condicións definitorias do contrato:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, na prestación do servizo de desenvolvemento das actividades recollidas no proxecto de educación ambiental de VigoZoo coas prestacións detalladas na cláusula 2 do PPT.

b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é a ordinaria e o procedemento de adxudicación o aberto, en aplicación do artigo 159 da LCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c) Orzamento e base de licitación

Sínálase o orzamento base de licitación (105.835,42 €), o importe do IVE a soportar pola Administración (18.368,13 €) e o valor estimado (174.934,58 €). A execución do contrato abrangue 2 anualidades (IVE incluído) coa posibilidade de dúas prorrogas dun ano de duración cada unha delas.

- Ano 2020: 44.098,09 €
- ano 2021: 52.917,71 €
- ano 2022: 8.819,62 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 3371.226.99.01 "Actividades programa educativo".

Este contrato non suporá desequilibrio orzamentario xa que o gasto contemplado no presente orzamento é superior ao previsto nesta contratación e non afectará á sustentabilidade financeira do Concello. Por outra banda, este gasto é recorrente dentro das previsións de gasto deste servizo nos derradeiros anos.

d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En cumprimento do art. 28 da LCSP, velarase pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización

de trámites, se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos términos previstos na LCSP.

Esta prestación de servizo nas instalacións de VigoZoo poden encadrarse na necesidade de satisfacer por parte da Administración o desenvolvemento das actividades municipais para promover a cultura e a ocupación do tempo libre nos locais en que se desenvolven actividades municipais.

e) Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución é de 2 anos, establecéndose dúas prórrogas dun ano de duración cada unha delas, en cumprimento do previsto no artigo 29 da LCSP.

f) Réxime de pagamentos

O pagamento realizarase mensualmente previa presentación da factura polo adxudicatario e polas horas efectivamente realizadas polo monitorado e/ou, no seu caso, polo coordinador. A factura será conformada polo responsable de contrato unha vez comprobada a veracidade dos servizos prestados.

Deberá acompañarse da seguinte documentación:

- Informe das horas realizadas no mes anterior asinado polo responsable do contrato
- Memoria mensual das actividades realizadas

g) Clasificación / Solvencia

A clasificación non se fixa

h) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Coordinador de Educación de VigoZoo.

j) Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión de responsabilidade civil por unha contía mínima de 300.000 € para cubrilas contingencias que se puideran producir derivadas da prestación do servizo, ademais da xeral contratada para a actividade que desenvolva.

3.- Criterios de adxudicación e ponderación

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo asinada o 20/12/19 polo Coordinador de Educación de VigoZoo e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente se explican e motivan os criterios elixidos e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 7 das FEC prevese a valoración de máis dun criterio:

CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:



Concello de Vigo

- 1.- Baixa proporcional única a aplicar tanto ao prezo unitario de coordinador/a de actividades e proxectos de centro como de monitor/a de ocio educativo e tempo libre, recollidos no apartado 3G das FEC, ata un máximo de 45 puntos.
- 2.- Desenvolvemento de cursos específicos de formación do persoal, ata un máximo de 14 puntos.
- 3.- Compromiso de adscribir ao contrato persoal con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais, se os houber, ata un máximo de 6 puntos.

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR: valorarase ata con 35 puntos.

- Proxecto técnico de organización e prestación do servizo.

As fórmulas para valorar estes criterios remítese á cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas.

4.- Revisión de prezos:

Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteñanse sen grandes modificacións nos próximos anos.

PROPOSTA:

Por todo o exposto anteriormente propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª.4 da LCSP, previa incorporación pola Intervención Xeral do documento contable referido á existencia de crédito para o financiamento do servizo, que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de desenvolvemento das actividades recollidas no proxecto de educación ambiental de VigoZoo (exp. 8962-612).

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Coordinador de Educación de VigoZoo con data 13/12/19 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica Xeral de Administración-Contratación con data 20/12/19.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 105.835,42 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (18.368,13 €) e a anualidade máxima de 2020 será de 44.098,09 €. A financiación do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.226.99.01 “ Actividades programa educativo”.

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

15(26).- DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DA X. GOBERNO LOCAL DE 15/11/19 DENEGATORIO DA SUSPENSIÓN DA EXECUTIVIDADE DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DE 3/05/19, APROBATORIO DO “PROXECTO DE SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E A HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA E DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS”, FORMULADA POLA REPRESENTACIÓN DA ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DO VIGO HISTÓRICO E OUTROS. EXPTE. 393/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 16/01/19, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1º. En data 3 de maio de 2019, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o proxecto de «Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria», redactado polo equipo técnico multidisciplinar de UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. e asinado polo Arquitecto don Pedro de la Puente Crespo e polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos don José Ramón Fernández Ceballos. O expediente de contratación para a execución deste proxecto foi aprobado pola Xunta de Goberno Local o 24 de maio de 2019, que, con data 26 de setembro de 2019, adxudicou o contrato á UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A..

2º. Con data 16 de outubro de 2019 don José Manuel Vázquez Lojo, en representación da Asociación Pola Defensa do Vigo Histórico e outros, interpuxo recurso especial en materia de contratación contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de setembro de 2019 de adxudicación do contrato para a execución do dito proxecto e, coa mesma data, formulou ante esta Administración municipal solicitude de iniciación de expediente de revisión de oficio para a declaración de nulidade de pleno dereito, e subsidiariamente de anulación, por lesivo aos intereses locais, do acordo da Xunta de Goberno Local, de 3 de maio de 2019, aprobatorio do proxecto de obras.



Concello de Vigo

3º. O Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, en resolución núm. 242/2019, de 25 de outubro de 2019, inadmitiu o citado recurso especial e con data 25 de outubro de 2019, os solicitantes, tendo advertido un erro aritmético nun dos documentos achegados coa súa solicitude de iniciación de expediente de revisión de oficio do acordo de referencia, concretamente no informe de levantamento topográfico de xeorreferenciación do local sito na rúa Elduayen 36, de fecha 14 de outubro de 2019, procederon a subsanar o erro mediante a achega da nova documentación.

4º. A solicitude de iniciación de expediente de revisión de oficio do acordo da Xunta de Goberno Local, de 3 de maio de 2019, aprobatorio do proxecto de obras de referencia fúndase, en síntese, nas consideracións que seguen:

— Contradición da actuación proxectada cos principios da política europea e estatal sobre os desenvolvementos urbanos sustentables que pretenden unha maior peonalización das cidades, o fomento do transporte urbano sustentable e a redución do uso e acceso de vehículos á cidade: a obra proxectada non suprime o tráfico no centro da cidade, senón que o incrementa.

— Afección da obra a zona histórica de Vigo, a edificios catalogados e a unha zona de clara riqueza arqueolóxica.

— Nulidade de pleno dereito do acto aprobatorio do proxecto, ao abeiro do artigo 47.1. c) LPACAP, por tratarse dun acto de contido imposible, pois os planos obrantes no expediente no reflicten a realidade construtiva das edificacións lindantes, algunhas das cales resultan afectadas en subsolo polo túnel proxectado, o que determina a imposibilidade de acometer a execución do túnel co trazado previsto no proxecto; imposibilidade que é —din— material e orixinaria.

— Nulidade de pleno dereito do acto aprobatorio do proxecto, ao abeiro do artigo 47.1. a) LPACAP, de acordo co cal son nulos de pleno dereito os actos que lesionen dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional: a afección de edificacións privadas determina un grave e inminente risco de derrumbe dos edificios afectados; existe, pois, unha potencial lesión do dereito a integridade física e á inviolabilidade do domicilio, que son dereitos susceptibles de amparo constitucional

— Nulidade de pleno dereito do acto aprobatorio do proxecto, ao abeiro do artigo 47.1. e) e f) LPACAP, por terse ditado o acto prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido e por ser o acto contrario ao ordenamento xurídico e carecer a Administración municipal dos requisitos esenciais para adquirir as facultades e dereitos que derivan do acto impugnado. Neste apartado, os solicitantes aducen: (i) inexistencia dun previo expediente de expropiación forzosa ou de recuperación de oficio das superficies en subsolo dos edificios da rúa, afectadas polo túnel; (ii) inexistencia de informe ou memoria de sustentabilidade ou viabilidade económica ex artigo 22.4 TRLSRU, aprobado por RDL 7/2015, de 30 de outubro; (iii) inexistencia de planeamento urbanístico que ampare a obra proxectada; (iv) inexistencia de autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia ao estar incluído o ámbito da actuación no Casco Vello de Vigo; (v) inexistencia de informe previo sobre a afectación ao Camiño de Santiago (Camiño Portugués da Costa) y de traza alternativa a este durante a execución das obras; (vi) inexistencia de autorización previa da dirección xeral de Conservación da Natureza en

relación ao olivo situado no Paseo de Alfonso, declarado «árbore senlleira»; (vii) inexistencia de informe previo de impacto ambiental do proxecto aprobado; (viii) inexistencia de autorización da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Industria autorizando a modificación das instalacións de distribución de enerxía eléctrica afectadas pola execución do proxecto.

A solicitude de iniciación de expediente de revisión de oficio para a declaración de nulidade de pleno dereito, e subsidiariamente de anulación, por lesivo aos intereses locais, do acordo da xunta de goberno local de 3 de maio de 2019, aprobatorio do proxecto de obras fúndase nas consideracións que, en apertada síntese, seguen:

5º. Coa solicitude de iniciación de expediente de revisión de oficio, e por “Tamén Digo”, os solicitantes interesaron como medida provisional a suspensión da executividade do acto impugnado.

A petición de suspensión fundamentouse, dunha parte, no risco de perda da finalidade lexitima da solicitude de declaración de nulidade, por canto a non suspensión do acto implicaría a continuación do procedemento e a execución da obra, coa conseguinte causación de prexuízos de difícil ou imposible reparación. Como de imposible ou difícil reparación adúcese danos en propiedades privadas situadas nas inmediacións da obra; danos no BIC Casco Vello; danos no Camiño de Santiago ao seu paso pola rúas de Elduayen e Paseo de Alfonso; danos no Olivo de Vigo, árbore senlleira da cidade; e, en fin, danos mediambientais, como consecuencia da omisión do preceptivo informe de impacto ambiental das obras e da omisión dos restantes informes sectoriais.

Doutra parte, na aparencia de bo dereito da pretensión dos solicitantes que se desprende dos argumentos que se aducen no escrito de solicitude de declaración de nulidade.

E, por último, na valoración que a solicitante fai dos intereses en conflito para decidir sobre a suspensión interesada, da que — afirma— ningún prexuízo resulta para o interese público da suspensión da executividade do acto en tanto non se resolva definitivamente sobre a nulidade solicitada, mentres que a execución do mesmo si levaría consigo os prexuízos arriba alegados, amén da responsabilidade patrimonial municipal a favor da contratista da obra pola anulación do proxecto que impedirá o cumprimento do contrato por parte do Concello de Vigo.

6º. A Xunta de Gobeno Local, en sesión de 15 de novembro de 2019, resolveu rexeitar a devandita petición de suspensión, con fundamento das consideracións de feito e de dereito que figuran na parte expositiva do acordo. Notificado o acordo ás solicitantes, por estas, con data 18 de decembro de 2019, se interpuxo recurso de reposición contra o mesmo.

Os alegantes, no seu recurso de reposición limítanse a insistir nas mesmas consideracións aducidas respecto da procedencia da suspensión no escrito de solicitude de revisión de oficio, engadindo: (i) que a Administración municipal non xustifica no acordo denegatorio da suspensión os prexuízos que para o interese xeral, ou no seu caso para os particulares, que se derivarían da suspensión, que é o xuízo propio que procede realizar para resolver o incidente cautelar e que a resolución recorrida —se di— non realiza, senón que, de maneira tendenciosa, «se afana en justificar los elementos de fondo cuestionados por esta parte», o que corresponde ao proceso principal e, en xustificación do alegado cita e transcribe parcialmente a sentenza do Tribunal Supremo de 19 de maio de 2011, ditada no recurso



Concello de Vigo

1673/2007 e un auto de 8 de maio de 2012; (ii) que o acordo recorrido o único que realiza é unha «digresión tendenciosa sobre a supuesta inexistencia de perjuicios para mis mandantes, pero es que a la contra ni una única justificación se aporta para determinar que sea perentorio ejecutar el acto impugnado y no conceder la medida»; (iii) Que a aparencia do bo dereito en canto á cuestión de fondo é un criterio adicional ou complementario que non pode utilizarse como principal para denegar a medida cautelar; (iv) que a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 1 de febreiro de 2007, ditada no RC-A núm. 4862/2003, con cita das do Tribunal Supremo de 28 de xaneiro de 2002 e 4 de abril de 1994, sobre a innecesariedade de modificación do planeamento para a execución dun paso inferior, nada ten que ver co caso que nos ocupa; e, en fin, que unha mínima afectación «en menos de un 2% de las contenciones proyectadas; es más de un dos por ciento (pues ya se ha explicado desde el inicio que la situación acreditada en Informe Topográfico es extrapolable a otros inmuebles de la zona), pero es que, aunque así lo fuera, la afectación sólo a un 2% ya implicaría la posibilidad real de derrumbe de edificaciones con las consecuencias que le son inherentes».

Por último, solicitan os recorrentes a apertura dun período de proba, con carácter previo á resolución do recurso, propoñendo a tal fin a documental consistente en «a) Plano del proyecto N.º 02.02.02/hoja 06 de 07, en formato CAD; b) Coordenadas georreferenciadas etrs89 del margen derecho entre los pk 309-332; y c) Distancia acotada entre la fachada del nº 14 de la Calle Elduayen hasta cara exterior de la estructura del túnel»; documentación que, ao abeiro do artigo 53 LPACA, solicitan se lles remita a maior brevidade.

CONSIDERACIONES DE DEREITO

Primeira.- O recurso non pode prosperar.

Tal e como se recolle no acordo recorrido, a Orden HAP/2427/2015, de 13 de novembro, aprobou as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (DUSI) que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable para os anos 2014-2020, agora Programa Operativo Prurirexional de España (POPE).

O Concello de Vigo resultou seleccionado por Resolución da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, de 29 de setembro de 2016, para o desenvolvemento da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado, presentada por esta Administración municipal, denominada "Vigo Vertical".

O Regulamento (UE) 1303/2013, no seu artigo 9, establece 11 obxectivos temáticos a promover a fin de contribuír á estratexia da Unión para un crecemento intelixente, sustentable e integrador, así como ás misións específicas dos Fondos de conformidade aos seus obxectivos baseados no Tratado. Entre estes obxectivos temáticos (OT), o Eixo 12 relativo ao "Desenvolvemento Urbano Integrado e Sostible", céntrase en catro obxectivos: OT2, OT4, OT6 e OT9.

O "Proxecto de soterramento do tráfico rodado da Porta do sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria" intégrase na devandita estratexia de desenvolvemento urbano, sustentable e integrado "Vigo Vertical" (EDUSI Vigo Vertical),

seleccionada, segundo vai dito, pola Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, como estratexia susceptible de ser financiada.

Dentro da EDUSI Vigo Vertical prevese a execución de diferentes operacións enmarcadas nos devanditos obxectivos temáticos. O proxecto de soterramento da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, enmárcase, pola súa envergadura, dentro de dous obxectivos temáticos: o Obxectivo Temático 4 (OT 4) (Favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisión de carbono en todos os sectores) e o Obxectivo Temático 6 (Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos).

Canto ao Obxectivo Temático 4, o proxecto de Porta do Sol, contempla actuacións de cara a reducir o gasto de enerxía mediante a implantación de dispositivos de aforro enerxético por redución de consumos directos e por optimización dos recursos empregados, así como outras medidas de mellora da xestión enerxética e de revitalización da mobilidade e habitabilidade da área de intervención, co fin de reducir a contaminación ambiental e acústica da mesma.

Polo que atinxe ao Obxectivo Temático 6, o Programa Operativo Plurirexional de España (POPE) establece que "o patrimonio cultural e natural das cidades debe conservarse e poñerse en valor, en particular polo seu interese turístico" e insiste na necesidade de levar a cabo actuacións de cara á revitalización, mellora da contorna urbana e do seu medio ambiente.

O proxecto de Porta do Sol, de conformidade co devandito obxectivo, prevé a recuperación de espazos urbanos dando prioridade aos usos peonís e da bicicleta, facilitando así a mobilidade sostible. Aproveitando esta recuperación, prevese tamén a creación de rutas con fin de promover o patrimonio natural, cultural, histórico e artístico da cidade de Vigo, así como, potenciar o coñecemento da historia da cidade. Por outro lado, ponse en valor o patrimonio turístico de Vigo, promovéndose os seus activos turísticos culturais e rexenerando e creando novos activos. Todo isto acadarase mediante a creación dun eixo cultural que una os referentes culturais e turísticos da contorna creando un novo epicentro, espazo de expresión cultural e artística nunha zona que xa é un referente patrimonial e escaparate da oferta cultural da cidade.

Canto vai dito —dicíase— non se compadece coa pretendida contradición da actuación proxectada cos principios da política europea e estatal sobre os desenvolvementos urbanos sustentables que os solicitantes invocan, pero, no que agora interesa, cómpre recordar ás solicitantes que a obra de que tratamos enmarcarse na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado, denominada "Vigo Vertical", presentada por esta Administración municipal y aprobada por Resolución da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, o 29 de setembro de 2016, en resposta á convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (DUSI) cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, agora Programa Operativo Prurirexional de España (POPE). O devandito programa operativo FEDER de crecemento sustentable ten como prazo o que vai dito: 2014-2020, polo que estando no último ano do Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable que ten de financiar a obra, a execución desta non debe demorarse, salvo que concorresen



Concello de Vigo

razóns que xustificaran a súa suspensión; razóns que non concorren tal e como se xustifica no acordo impugnado.

Segunda.- Poren, aínda que tal prazo non existira, tampouco procedería acordar a suspensión solicitada. O apartado terceiro da resolución impugnada razoa detallada e circunstanciadamente e con apoio nos informes técnicos que nel se transcriben —e, desde logo, non tendenciosamente— a inxistencia dos prexuízos e danos que as solicitantes alegan: nin existe o perigo, que as solicitantes da declaración de nulidade invocan, para as edificacións e vivendas colindantes co túnel a construír; nin a execución do túnel causa un dano irreparable ao Casco Vello, antes ao contrario ven a suprimir a barreira do tráfico en superficie que separa a parte alta e a baixa do mesmo, en cumprimento do obxectivo específico a perseguir, consignado no epígrafe c) do apartado 2.4 da Memoria Justificativa do PEPRI, de acordo co cal «(...) el PEPRI debe recomponer el carácter de unidad que tuvo el Casco Vello hasta la apertura de Elduayen y posterior conversión de esta vía en eje importante de los flujos circulatorios de Vigo (Este-Oeste). Entendemos que el PEPRI tiene que eliminar barreras físicas...»; nin a execución do túnel causa danos ao camiño de Santiago, nin ao Olivo de Vigo; nin, en fin, se xustifica dano mediambiental algún, pois a existencia destes a fundan os alegantes exclusivamente na inxistencia dun estudo de impacto ambiental —cuxa inecesariedade se xustifica do acordo recorrido— sen identificar que danos serían os alegados.

Así as cousas, en ausencia de prexuízos, xa non de imposible ou difícil reparación, senón incluso doutros prexuízos mais tenuous ou difusos —que tampouco se aprezan— que puideran derivarse da execución do acto cuxa nulidade se solicita, o xuízo de ponderación para decidir sobre a suspensión solicitada debe conducir a manter o principio da executividade do acto e rexeitar a suspensión solicitada. E isto aínda que non estivéramos en presenza dunha obra que se pretende cofinanciar mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable, cuxo prazo finaliza no presente ano 2020; razón máis que suficiente para non demorar a execución da obra.

Terceira.- No apartado seguinte da resolución impugnada —figura como Quinta cando debería ser a Cuarta— se xustifica detidamente a inconsistencia das causas de nulidade invocadas polos solicitantes da nulidade de pleno dereito do acordo que nos ocupa e, daquela, a inxistencia de aparencia de bo dereito na súa pretensión; aparencia de bo dereito que os solicitantes alegan, tamén, no seu escrito como razón para obter a suspensión reclamada, sen que no recurso, mais ala de insistir no xa alegado, se engada razoamento algún que desvirtúe as consideracións realizadas no acordo recorrido.

Cuarta.- A sentenza a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 1 de febreiro de 2007, ditada no RC-A núm. 4862/2003, con cita das do Tribunal Supremo de 28 de xaneiro de 2002 e 4 de abril de 1994, sobre a inecesariedade de modificación do planeamento para a execución dun paso inferior, si é perfectamente aplicable ao caso que nos ocupa, pois o que decide a dita sentenza é precisamente se a execución dun paso subterráneo —neste caso na Travesía de Vigo— esta necesitado ou non dunha modificación do planeamento, que é, precisamente o que sostén a recorrente e o que a sentenza rexeita.

Quinta.- En fin, aducen os recorrintes, como se recolle máis arriba, que «resulta ciertamente inconcebible que se pretenda desdeñar los argumentos de esta parte afirmando que la afectación a propiedades privadas lo sería en menos de un 2% de las contenciones

proyectadas; es más de un dos por ciento (pues ya se ha explicado desde el inicio que la situación acreditada en Informe Topográfico es extrapolable a otros inmuebles de la zona), pero es que, aunque así lo fuera, la afectación sólo a un 2% ya implicaría la posibilidad real de derrumbe de edificaciones con las consecuencias que le son inherentes».

Porén, non é certo que no informe técnico municipal se afirme tal afección —neste punto o adxectivo de tendencioso podería aplicarse aos recorrintes—, o que se di no dito informe técnico de 22 de outubro de 2019 é que:

« (...) os esbozos e seccións achegadas (polos recorrentes no seu recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación do contrato de obra para a execución do proxecto) están afastados da realidade, descoñécese a súa autoría xa que no informe topográfico non está incluída ningunha delas, resultando sorprendente que non estean realizadas por profesionais que dispoñan de coñecementos para debuxar planos e esquemas técnicos, sendo estes presentados sen ningún tipo de rigor e sendo completamente erróneos. Ademais **a suposta lonxitude de afección** recollida no recurso, que se xustificou neste informe **que non é tal, cínguese a menos dun 2% da lonxitude total das contencións proxectadas no ámbito**».

No dito informe os técnicos municipais, cualifican o informe topográfico achegado polo recorrentes co seu recurso especial en materia de contratación, contra a adxudicación do contrato de obra para a execución do proxecto, como carente de todo rigor e inexacto e rexeitan —e non recoñecen— a existencia das afeccións alegadas en edificacións baixo rasante pola execución do túnel, manifestando que aínda que esta afección existira tería unha entidade moi escasa, que non impediría, cos axustes necesarios, a execución do túnel.

Sexta.- Por último, sen prexuízo de remitir a maior brevidade posible a documentación solicitada polos recorrentes ao abeiro do disposto no artigo 53 LPACAP, procede rexeitar a practica da proba proposta por estes, que, a falta doutra xustificación que a que precede a esta solicitude, o que pretende é volver a insistir na existencia de afeccións baixo rasante nas edificacións colindantes, sendo así que as afeccións alegadas polos recorrentes na súa solicitude de declaración de nulidade do acordo aprobatorio do proxecto foron xa rexeitadas polos técnicos municipais no informe que se recolle no acordo denegatorio da suspensión aquí impugnado; acordo denegatorio no que se reflicte parte do plano solicitado —concretamente ente os puntos pk 309-332, que son os acotados na solicitude de proba— no que figuran os datos de interese para determinar se existen ou non as afectacións que os solicitantes aducen e respecto dos cales non se fai no recurso de reposición alegación concreta algunha que o desvirtúe; porén, e sobre todo, porque, en calquera caso, a proba proposta resulta irrelevante á hora de pronunciarse sobre a suspensión solicitada, pois, aínda que chegara a existir algunha afección, nin esta provocaría risco algún de derrumbe para as edificacións afectadas, nin impedirían a execución do túnel, pois, dunha parte, as necesarias comprobacións previas en fase de execución da obra e as medidas de seguridade que se prevén no proxecto eliminarían calquera risco de derrumbe; e, doutra, porque o prego de cláusulas administrativas particulares reitor do contrato de obras, adxudicado para a execución do proxecto, prevé, na cláusula décimo quinta das follas de especificacións do contrato, como circunstancias que permitirán a modificación do contrato e, daquela, os necesarios axustes na execución do proxecto: «Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas e contencións existentes



Concello de Vigo

distintas das recollidas no proxecto»; circunstancias estas que soamente se poderán coñecer durante a execución da obra e que permitirán realizar os axustes necesarios no pilotado e na execución das paredes do túnel para resolver os problemas que estas incidencias puideran presentar, polo que tampouco cabe soste a eventualidade dunha imposibilidade material de execución da obra, como causa de nulidade xustificativa da suspensión solicitada.

Sétima.- É competente para adoptar o acordo que se propón a Xunta de Goberno Local, como órgano autor do acto impugnado (artigo 123 LPACAP).

Por todo o exposto propónse á xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Rexeitar o recurso de reposición interposto, con data 18 de decembro de 2019, por don José Manuel Vázquez Lojo, en representación da Asociación Pola Defensa do Vigo Histórico e outros contra o acordo da Xunta de Goberno Local, de 18 de novembro de 2019, denegatorio da suspensión da executividade do acordo do mesmo órgano, de data 3 de maio de 2019, polo que se aprobou o proxecto de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e a humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións, formulada por José Manuel Vázquez Lojo, na representación arriba indicada.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo aos interesados coa indicación de que o presente acordo é firme en vía administrativa e que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(27).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE “SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA. EXPTE. 326/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 16/01/20, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria (326-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria (326-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 30 de agosto de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE "SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA".

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira Industrial e polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 18.07.2019

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 09.08.2019.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CIENTO DEZANOVE MIL CENTO VINTE E SEIS EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (119.126,92 eur), sendo o importe correspondente ao IVE de 20.674,92 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1539.619.0003 (DUSI PORTA DO SOL, OT4, LA: 7,8,10,12,13,14,1a ANUA).



Concello de Vigo

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2019	12.000,00 €
2020	71.500,00 €
2021	35.626,92 €
TOTAL	119.126,92 €

Quinto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 595,83% e para a terceira anualidade nun 296,89%.

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- Con data do 24 de setembro de 2019, o Colexio de Enxeñeiros Técnicos de Obras Públicas de Galicia interpuxo recurso de reposición contra o prego de cláusulas administrativas particulares. Este recurso foi desestimado por acordo da Xunta de Goberno local de data 12 de decembro de 2019.

Terceiro.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 8 de xaneiro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento á UTE ELETRENTAYUNO PREVENLAB, S.L.U. e ALAUDA INGENIERÍA, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non cumprirse os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 30 de decembro de 2019.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria” (326-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	CÍES ATLÁNTICO, S.L.	81,40
2	TEPRIL, S.L.	74,20
3	INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	73,38

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CÍES ATLÁNTICO, S.L. (B-27.752.526), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

Cuarto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CÍES ATLÁNTICO, S.L., o día 8 de xaneiro de 2020, que presenta a documentación requirida o 13 de xaneiro, dentro do prazo concedido.

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de xaneiro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CÍES ATLÁNTICO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CÍES ATLÁNTICO, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 29 de novembro de 2019 e 2 de xaneiro de 2020, respectivamente.



Concello de Vigo

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión da UTE ELETRENTAYUNO PREVENLAB, S.L.U. e ALAUDA INGENIERÍA, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non cumprirse os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 30 de decembro de 2019.*
2. *Adxudicar a CÍES ATLÁNTICO, S.L. (B-27.752.526) o procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria (326-441) por un prezo total de 103.588,62 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 85.610,43 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(28).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez